



# BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 588

VIII lexislatura

25 de novembro de 2011

Fascículo 2

## SUMARIO

(Versión electrónica en [www.parlamentodegalicia.es](http://www.parlamentodegalicia.es))

### 1. Procedementos de natureza normativa

#### 1.2. Proxectos e proposicións de lei

##### 1.2.1. Proxectos de lei

Emendas á totalidade formuladas ao Proxecto de lei do deporte de Galicia

– Do G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 73931). [169209](#)

– Do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 73932). [169213](#)

### 3. Procedementos de control e impulso

#### 3.6. Proposicións non de lei

##### 3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

- 08/PNC-2199 (73635)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Méndez Romeu, José Luis e 2 deputados máis

Sobre a actuación do Goberno galego para garantir a continuidade e o acceso público das coleccións artísticas de Caixanova e Caixa-galicia, e que a súa titularidade quede no seo da fundación resultante da súa desaparición [169218](#)

- 08/PNC-2200(73713)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Barros Sánchez, Natalia e 6 deputados máis

Sobre a realización no ano 2012, a través de Turgalicia, dunha campaña de promoción do turismo enolóxico nos principais mercados emisores nacionais [169220](#)

- 08/PNC-2201(73715)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Barros Sánchez, Natalia e 6 deputados máis

Sobre a execución de obras de mellora e ampliación do novo balneario de Cortegada por parte da Xunta de Galicia [169223](#)

- 08/PNC-2202(73717)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Barros Sánchez, Natalia e 6 deputados máis

Sobre a creación e o desenvolvemento dun sistema integrado e homoxéneo de recollida e tratamento de datos estatísticos nas oficinas de turismo de Galicia [169226](#)

- 08/PNC-2203(73781) (73837)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa

Sobre a dotación á Oficina Agraria Comarcal de Ordes do persoal técnico necesario para a realización das inspeccións e verificacións de cumprimento de condicións que teñen encomendadas en relación coa xestión das ordes de axuda [169229](#)

- 08/PNC-2204(73782)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa e 2 deputados máis

Sobre a realización polo Goberno galego das actuacións necesarias para garantir a recepción do sinal de Ourense no concello de Viana do Bolo durante as desconexións locais da radio pública galega [169232](#)

- 08/PNC-2205(73801)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme e Viéitez Alonso, Henrique

Sobre a dotación do persoal necesario á Escola de Educación Infantil do Outeiro, no concello de Pazos de Borbén [169234](#)

- 08/PNC-2206(73833)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Veira, Pedro Manuel e 6 deputados máis

Sobre a demanda feita polo Goberno galego de toma en consideración polo Goberno central da proposta aprobada por unanimidade na Mesa do Diálogo Social do Sector Naval en relación co réxime fiscal aplicado á construción de novos buques [169237](#)

- 08/PNC-2207(73877)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aymerich Cano, Carlos Ignacio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a defensa dun sistema financeiro galego [169239](#)

- 08/PNC-2208(73899)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Sánchez Montenegro, Isabel e Parga Núñez, Manuel

Sobre a construción en Monforte de Lemos dun centro de atención a minusválidos psíquicos maiores de vinte e un anos de idade [169242](#)

## 4. Procedementos de información

### 4.3. Preguntas

#### 4.3.2. Preguntas orais en Comisión

- 08/POC-8567 (73603)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Branco Parga, Carlos Fernando

Sobre a valoración e as actuacións previstas pola Consellería de Economía e Industria para paliar a caída rexistrada no emprego no sector eólico da comarca de Ferrolterra [169244](#)

- 08/POC-8568(73606)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Branco Parga, Carlos Fernando e Paz Franco, María Tereixa

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da proposta de modificación do trazado dunha pista na concentración parcelaria de Grixalga, no concello de Sobrado [169246](#)

- 08/POC-8569(73610)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Branco Parga, Carlos Fernando e Bouza Santiago, Ana Luisa

Sobre as previsións da Consellería de Sanidade respecto da cobertura das prazas vacantes de persoal no Centro de Saúde de Mugardos [169248](#)

- 08/POC-8570(73624)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez Romeu, José Luis

Sobre o contido das actuacións previstas ao abeiro do convenio asinado o 17 de xuño de 2011 polo Instituto Galego de Promoción Económica e Novacaixagalicia para a capacitación de mozas e mozos galegos no marco das áreas de actuación do Banco Latinoamericano de Desenvolvemento, durante os anos 2011 a 2014, e os datos ao respecto [169250](#)

- 08/POC-8571(73634)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez Romeu, José Luis e 2 deputados máis

Sobre a situación das coleccións artísticas das desaparecidas caixas de aforros galegas, a existencia dalgunha decisión respecto do seu destino e o control dos seus inventarios e titularidade, así como o desenvolvemento pola Xunta de Galicia das funcións de protectorado previstas na Lei 4/1996, do 31 de maio, de caixas de aforros de Galicia [169252](#)

- 08/POC-8572(73639)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Caride Estévez, María José e 3 deputados máis  
Sobre os datos referidos ás certificacións de obra aprobadas e abo-  
nadas pola Xunta de Galicia desde agosto de 2011 [169254](#)

- 08/POC-8573(73641)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Méndez Romeu, José Luis e 2 deputados máis  
Sobre a autoridade competente nos procesos de importación, mani-  
pulación, depósito e comercialización de áridos ou residuos para o  
seu uso en Galicia e as iniciativas adoptadas ao respecto pola Ins-  
pección de seguridade industrial e a Inspección de minería [169256](#)

- 08/POC-8574(73686)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Branco Parga, Carlos Fernando e 2 deputados máis  
Sobre a situación na que se atopa o proxecto de instalación dunha  
planta de vehículos eléctricos en Ourense pola empresa inglesa  
Xero, os fondos achegados e comprometidos pola Xunta de Galicia  
para este proxecto e a súa viabilidade actual, así como os prazos  
previstos ao respecto [169258](#)

- 08/POC-8575(73720)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Baamonde Díaz, Agustín e 6 deputados máis  
Sobre a valoración por parte do Goberno galego dos principais  
datos relativos á edición de libros en Galicia no ano 2010 e o seu  
balance ao respecto [169260](#)

- 08/POC-8576(73734)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Branco Parga, Carlos Fernando e Sánchez Montenegro, Isabel  
Sobre as previsións da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e  
Infraestruturas respecto da execución das obras de abastecemento  
e saneamento en Magalofes e San Marcos, así como noutros  
núcleos rurais de Sillobre, no concello de Fene, e as razóns exis-  
tentes para solicitarlle a ese concello unha achega para o seu finan-  
ciamento [169263](#)

- 08/POC-8577(73752)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Pontón Mondelo, Ana Belén  
Sobre os recursos económicos destinados pola Xunta de Galicia para a  
celebración do Ano da Música durante o 2011, as actividades específi-  
cas programadas para ese fin e o custo da cada unha delas [169266](#)

- 08/POC-8578(73760)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Sánchez Montenegro, Isabel e 2 deputados máis  
Sobre as importacións de residuos asfálticos potencialmente conta-  
minantes procedentes de Holanda para o seu uso en diversas obras  
públicas e o seu depósito en varios lugares de Galicia [169268](#)

- 08/POC-8579(73773) (73835)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Paz Franco, María Tereixa e Suárez Canal, Alfredo  
Sobre o posible incumprimento no Concello de Viana do Bolo da Lei  
7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local [169271](#)

- 08/POC-8580(73774)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Paz Franco, María Tereixa e 2 deputados máis  
Sobre a situación, as razóns da demora e as actuacións previstas  
para o inicio de dous cursos de formación para persoas desempre-  
gadas subvencionados pola Consellería de Traballo e Benestar ao  
Concello de Viana do Bolo para o ano 2011 [169275](#)

- 08/POC-8581(73775) (73836)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Paz Franco, María Tereixa  
Sobre a insuficiente dotación de persoal técnico na Oficina Agraria  
Comarcal de Ordes e a súas repercusións na xestión das ordes de  
axudas, na percepción destas polas explotacións, así como para os  
beneficiarios dos plans de mellora [169277](#)

- 08/POC-8582(73778)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Paz Franco, María Tereixa e 2 deputados máis  
Sobre as actuacións previstas para garantir a recepción do sinal de  
Ourense no concello de Viana do Bolo durante as desconexións  
territoriais da radio pública galega que se producen ao longo do día  
[169280](#)

- 08/POC-8583(73793)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Soneira Tajés, María Soledad e 3 deputados máis  
Sobre a denuncia da Asociación Galega de Mariscadoras (Agamar)  
en relación co suposto cobro indebido de retribucións pola presi-  
dencia da Federación Galega de Confrarías [169282](#)

- 08/POC-8584 (73796)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Seoane Romero, María e 6 deputados máis

Sobre a evolución do servizo de novas canles ofrecido pola CRTVG desde a posta en marcha do actual proxecto de páxina web [169284](#)

- 08/POC-8585(73802)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Adán Villamarín, María do Carme e Viéitez Alonso, Henrique  
Sobre as razóns da existencia dunha soa profesora na Escola de Educación Infantil do Outeiro, no concello de Pazos de Borbén, e os proxectos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para o futuro dese centro [169286](#)

- 08/POC-8586(73808)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Sánchez Montenegro, Isabel e Táboas Veleiro, María Teresa  
Sobre a presenza desde hai anos dun material de carácter residual depositado en sacos nunha parcela do polígono industrial do concello de Dozón, a súa posible afección ao medio ambiente e á saúde das persoas, así como a autorización polo Goberno galego deste vertido e as medidas previstas ao respecto [169289](#)

- 08/POC-8587(73811)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Sánchez Montenegro, Isabel e Branco Parga, Carlos Fernando  
Sobre os vertidos de lodos de depuradoras de augas residuais producidos na parroquia de Fisteus, no concello de Curtis, a súa autorización pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, así como os informes que posúe esta e as medidas previstas ao respecto [169291](#)

- 08/POC-8588(73813)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Lobeira Domínguez, Bieito e Pontón Mondelo, Ana Belén  
Sobre as razóns do atraso e as medidas que se van adoptar para a execución das obras previstas no proxecto de ampliación e mellora do porto de Cabo de Cruz [169293](#)

- 08/POC-8589(73815)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Rodríguez González, Román e 6 deputados máis  
Sobre as melloras previstas no Sistema Universitario Galego coa implementación do futuro decreto que vai regular as ensinanzas universitarias de Galicia, o número de estudantes mínimos de novo ingreso precisos para o mantemento dun grao e as vantaxes da posibilidade de impulsar titulacións conxuntas [169296](#)

- 08/POC-8590(73821)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
García Pacín, María Isabel e 6 deputados máis  
Sobre a valoración da situación na que se atopa Galicia e a actuación levada a cabo polo Goberno galego en materia de desenvolvemento sostible do medio rural [169298](#)

- 08/POC-8591(73824)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Sueiro Pastoriza, Alberto e 6 deputados máis  
Sobre as novidades que presenta e ordena o texto do anteproxecto de lei galega de protección xeral dos consumidores e usuarios, elaborado pola Consellería de Economía e Industria, e as medidas establecidas nel que incrementan o nivel de protección e os dereitos dos consumidores galegos [169301](#)

- 08/POC-8592(73826)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Sueiro Pastoriza, Alberto e 6 deputados máis  
Sobre a figura do mediador que se crea no texto do anteproxecto de lei galega de protección xeral dos consumidores e usuarios, elaborado pola Consellería de Economía e Industria, e as vantaxes comparativas que supón respecto do modelo anterior [169304](#)

- 08/POC-8593(73827)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Sueiro Pastoriza, Alberto e 6 deputados máis  
Sobre a rede de alerta galega de produtos de consumo que se crea no texto do anteproxecto de lei galega de protección xeral dos consumidores e usuarios, elaborado pola Consellería de Economía e Industria, e as vantaxes comparativas que supón respecto do modelo anterior [169307](#)

- 08/POC-8594(73828)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Sueiro Pastoriza, Alberto e 4 deputados máis  
Sobre a rede galega de educación para un consumo responsable que se crea no texto do anteproxecto de lei galega de protección xeral dos consumidores e usuarios, elaborado pola Consellería de Economía e Industria, e as vantaxes comparativas que supón respecto do modelo anterior [169309](#)

- 08/POC-8595(73829)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Sueiro Pastoriza, Alberto e 6 deputados máis  
Sobre as previsións existentes respecto do artellamento do órgano colexiado de coordinación, cooperación e participación coa Admi-

nistración autonómica que se crea no texto do anteproxecto de lei galega de protección xeral dos consumidores e usuarios, elaborado pola Consellería de Economía e Industria, e as vantaxes comparativas que supón respecto do modelo anterior [169312](#)

- 08/POC-8596(73830)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Veira, Pedro Manuel e 6 deputados máis

Sobre os contidos da proposta presentada polo Goberno galego e aprobada por unanimidade na Mesa do Diálogo Social do Sector Naval en relación co réxime fiscal aplicado á construción de novos buques, así como o calendario de actuacións, que valora a súa posible aprobación en xaneiro de 2012, e as actuacións adicionais desenvolvidas pola Xunta de Galicia para a defensa dese sector [169315](#)

- 08/POC-8597(73881)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme

Sobre os recursos económicos que vai destinar a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a unha empresa privada para a formación e o control de calidade dos centros integrados e as razóns da exclusión da lingua galega no seu desenvolvemento [169317](#)

## 9. Informacións e correccións de erros

### 9.2. Correccións de erros

Corrección de erros na publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 563, F.4, do día 20 de novembro de 2011, do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2012 [169206](#)

---

## 1. Procedementos de natureza normativa

### 1.2. Proxectos e proposicións de lei

#### 1.2.1. Proxectos de lei

#### Emendas á totalidade formuladas ao Proxecto de lei do deporte de Galicia

A Mesa da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego, na reunión do 22 de novembro de 2011, adoptou o seguinte acordo:

Cualificación de emendas á totalidade presentadas ao Proxecto de lei do deporte de Galicia

Examinados os escritos presentados e dado que se axustan aos requisitos establecidos no Regulamento da Cámara, acordan a súa admisión co seguinte detalle:

Emendas á totalidade de devolución (un total de dúas).

- Do G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 73931).
- Do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 73932).

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2011

Pilar Rojo Noguera  
Presidenta

A Mesa do Parlamento, na reunión do 22 de novembro de 2011, adoptou os seguintes acordos

## 3. Procedementos de control e impulso

### 3.6. Proposicións non de lei

#### 3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

#### Admisión a trámite, asignación a Comisión e publicación

- 08/PNC-2199 (73635)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Méndez Romeu, José Luis e 2 deputados máis  
Sobre a actuación do Goberno galego para garantir a continuidade e o acceso público das coleccións artísticas de Caixanova e Caixagalicia, e que a súa titularidade quede no seo da fundación resultante da súa desaparición  
Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego

- 08/PNC-2200(73713)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Barros Sánchez, Natalia e 6 deputados máis  
Sobre a realización no ano 2012, a través de Turgalicia, dunha campaña de promoción do turismo enolóxico nos principais mercados emisores nacionais  
Comisión 6.<sup>a</sup>, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 08/PNC-2201(73715)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Barros Sánchez, Natalia e 6 deputados máis  
Sobre a execución de obras de mellora e ampliación do novo balneario de Cortegada por parte da Xunta de Galicia  
Comisión 6.<sup>a</sup>, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 08/PNC-2202(73717)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Barros Sánchez, Natalia e 6 deputados máis  
Sobre a creación e o desenvolvemento dun sistema integrado e homoxéneo de recollida e tratamento de datos estatísticos nas oficinas de turismo de Galicia  
Comisión 6.<sup>a</sup>, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 08/PNC-2203(73781) (73837)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Paz Franco, María Tereixa  
Sobre a dotación á Oficina Agraria Comarcal de Ordes do persoal técnico necesario para a realización das inspeccións e verificacións de cumprimento de condicións que teñen encomendadas en relación coa xestión das ordes de axuda  
Comisión 7.<sup>a</sup>, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 08/PNC-2204(73782)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Paz Franco, María Tereixa e 2 deputados máis  
Sobre a realización polo Goberno galego das actuacións necesarias para garantir a recepción do sinal de Ourense no concello de Viana do Bolo durante as desconexións locais da radio pública galega  
Comisión 1.<sup>a</sup>, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 08/PNC-2205(73801)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Adán Villamarín, María do Carme e Viéitez Alonso, Henrique



Sobre a dotación do persoal necesario á Escola de Educación Infantil do Outeiro, no concello de Pazos de Borbén  
Comisión 4.<sup>a</sup>, Educación e Cultura

- 08/PNC-2206(73833)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Veira, Pedro Manuel e 6 deputados máis

Sobre a demanda feita polo Goberno galego de toma en consideración polo Goberno central da proposta aprobada por unanimidade na Mesa do Diálogo Social do Sector Naval en relación co réxime fiscal aplicado á construción de novos buques

Comisión 6.<sup>a</sup>, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 08/PNC-2207(73877)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aymerich Cano, Carlos Ignacio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a defensa dun sistema financeiro galego

Comisión 3.<sup>a</sup>, Economía, Facenda e Orzamentos

- 08/PNC-2208(73899)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Sánchez Montenegro, Isabel e Parga Núñez, Manuel

Sobre a construción en Monforte de Lemos dun centro de atención a minusválidos psíquicos maiores de vinte e un anos de idade

Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego

## 4. Procedementos de información

### 4.3. Preguntas

#### 4.3.2. Preguntas orais en Comisión

- 08/POC-8567 (73603)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Branco Parga, Carlos Fernando

Sobre a valoración e as actuacións previstas pola Consellería de Economía e Industria para paliar a caída rexistrada no emprego no sector eólico da comarca de Ferrolterra

Comisión 6.<sup>a</sup>, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 08/POC-8568(73606)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Branco Parga, Carlos Fernando e Paz Franco, María Tereixa  
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da proposta de modificación do trazado dunha pista na concentración parcelaria de Grixalga, no concello de Sobrado

Comisión 7.<sup>a</sup>, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 08/POC-8569(73610)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Branco Parga, Carlos Fernando e Bouza Santiago, Ana Luisa  
Sobre as previsións da Consellería de Sanidade respecto da cobertura das prazas vacantes de persoal no Centro de Saúde de Mugarodos

Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego

- 08/POC-8570(73624)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez Romeu, José Luis

Sobre o contido das actuacións previstas ao abeiro do convenio asinado o 17 de xuño de 2011 polo Instituto Galego de Promoción Económica e Novacaixagalicia para a capacitación de mozas e mozos galegos no marco das áreas de actuación do Banco Latinoamericano de Desenvolvemento, durante os anos 2011 a 2014, e os datos ao respecto

Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego

- 08/POC-8571(73634)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez Romeu, José Luis e 2 deputados máis

Sobre a situación das coleccións artísticas das desaparecidas caixas de aforros galegas, a existencia dalgunha decisión respecto do seu destino e o control dos seus inventarios e titularidade, así como o desenvolvemento pola Xunta de Galicia das funcións de protectorado previstas na Lei 4/1996, do 31 de maio, de caixas de aforros de Galicia

Comisión 4.<sup>a</sup>, Educación e Cultura

- 08/POC-8572(73639)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caride Estévez, María José e 3 deputados máis

Sobre os datos referidos ás certificacións de obra aprobadas e abonadas pola Xunta de Galicia desde agosto de 2011

Comisión 6.<sup>a</sup>, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 08/POC-8573(73641)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez Romeu, José Luis e 2 deputados máis

Sobre a autoridade competente nos procesos de importación, manipulación, depósito e comercialización de áridos ou residuos para o seu uso en Galicia e as iniciativas adoptadas ao

respecto pola Inspección de seguridade industrial e a Inspección de minería

Comisión 6.<sup>a</sup>, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 08/POC-8574(73686)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Branco Parga, Carlos Fernando e 2 deputados máis

Sobre a situación na que se atopa o proxecto de instalación dunha planta de vehículos eléctricos en Ourense pola empresa inglesa Xero, os fondos achegados e comprometidos pola Xunta de Galicia para este proxecto e a súa viabilidade actual, así como os prazos previstos ao respecto

Comisión 6.<sup>a</sup>, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 08/POC-8575(73720)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Baamonde Díaz, Agustín e 6 deputados máis

Sobre a valoración por parte do Goberno galego dos principais datos relativos á edición de libros en Galicia no ano 2010 e o seu balance ao respecto

Comisión 4.<sup>a</sup>, Educación e Cultura

- 08/POC-8576(73734)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Branco Parga, Carlos Fernando e Sánchez Montenegro, Isabel

Sobre as previsións da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas respecto da execución das obras de abastecemento e saneamento en Magalofes e San Marcos, así como noutros núcleos rurais de Sillobre, no concello de Fene, e as razóns existentes para solicitarlle a ese concello unha achega para o seu financiamento

Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 08/POC-8577(73752)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre os recursos económicos destinados pola Xunta de Galicia para a celebración do Ano da Música durante o 2011, as actividades específicas programadas para ese fin e o custo da cada unha delas

Comisión 4.<sup>a</sup>, Educación e Cultura

- 08/POC-8578(73760)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Sánchez Montenegro, Isabel e 2 deputados máis

Sobre as importacións de residuos asfálticos potencialmente contaminantes procedentes de Holanda para o seu uso en diversas obras públicas e o seu depósito en varios lugares de Galicia

Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 08/POC-8579(73773) (73835)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa e Suárez Canal, Alfredo

Sobre o posible incumprimento no Concello de Viana do Bolo da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local

Comisión 1.<sup>a</sup>, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 08/POC-8580(73774)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa e 2 deputados máis

Sobre a situación, as razóns da demora e as actuacións previstas para o inicio de dous cursos de formación para persoas desempregadas subvencionados pola Consellería de Traballo e Benestar ao Concello de Viana do Bolo para o ano 2011

Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego

- 08/POC-8581(73775) (73836)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa

Sobre a insuficiente dotación de persoal técnico na Oficina Agraria Comarcal de Ordes e a súas repercusións na xestión das ordes de axudas, na percepción destas polas explotacións, así como para os beneficiarios dos plans de mellora

Comisión 7.<sup>a</sup>, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

A Mesa admítea a trámite coa corrección formulada no doc. núm. 73836

- 08/POC-8582(73778)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa e 2 deputados máis

Sobre as actuacións previstas para garantir a recepción do sinal de Ourense no concello de Viana do Bolo durante as desconexións territoriais da radio pública galega que se producen ao longo do día

Comisión 1.<sup>a</sup>, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior



- 08/POC-8583(73793)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Soneira Tajés, María Soledad e 3 deputados máis  
Sobre a denuncia da Asociación Galega de Mariscadoras  
(Agamar) en relación co suposto cobro indebido de retribu-  
cións pola presidencia da Federación Galega de Confrarías  
Comisión 8.<sup>a</sup>, Pesca e Marisqueo

- 08/POC-8584 (73796)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Seoane Romero, María e 6 deputados máis  
Sobre a evolución do servizo de novas canles ofrecido pola  
CRTVG desde a posta en marcha do actual proxecto de  
páxina web  
Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Com-  
pañía da RTVG

- 08/POC-8585(73802)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Adán Villamarín, María do Carme e Viéitez Alonso, Henri-  
que  
Sobre as razóns da existencia dunha soa profesora na Escola  
de Educación Infantil do Outeiro, no concello de Pazos de  
Borbén, e os proxectos da Consellería de Educación e Orde-  
nación Universitaria para o futuro dese centro  
Comisión 4.<sup>a</sup>, Educación e Cultura

- 08/POC-8586(73808)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Sánchez Montenegro, Isabel e Táboas Veleiro, María Teresa  
Sobre a presenza desde hai anos dun material de carácter  
residual depositado en sacos nunha parcela do polígono  
industrial do concello de Dozón, a súa posible afección ao  
medio ambiente e á saúde das persoas, así como a autoriza-  
ción polo Goberno galego deste vertido e as medidas previs-  
tas ao respecto  
Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio  
Ambiente e Servizos

- 08/POC-8587(73811)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Sánchez Montenegro, Isabel e Branco Parga, Carlos Fer-  
nando  
Sobre os vertidos de lodos de depuradoras de augas residuais  
producidos na parroquia de Fisteus, no concello de Curtis, a  
súa autorización pola Consellería de Medio Ambiente, Terri-

torio e Infraestruturas, así como os informes que posúe esta  
e as medidas previstas ao respecto  
Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio  
Ambiente e Servizos

- 08/POC-8588(73813)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Lobeira Domínguez, Bieito e Pontón Mondelo, Ana Belén  
Sobre as razóns do atraso e as medidas que se van adoptar  
para a execución das obras previstas no proxecto de amplia-  
ción e mellora do porto de Cabo de Cruz  
Comisión 8.<sup>a</sup>, Pesca e Marisqueo

- 08/POC-8589(73815)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Rodríguez González, Román e 6 deputados máis  
Sobre as melloras previstas no Sistema Universitario Galego  
coa implementación do futuro decreto que vai regular as  
ensinanzas universitarias de Galicia, o número de estudantes  
mínimos de novo ingreso precisos para o mantemento dun  
grao e as vantaxes da posibilidade de impulsar titulacións  
conxuntas  
Comisión 4.<sup>a</sup>, Educación e Cultura

- 08/POC-8590(73821)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
García Pacín, María Isabel e 6 deputados máis  
Sobre a valoración da situación na que se atopa Galicia e a  
actuación levada a cabo polo Goberno galego en materia de  
desenvolvemento sostible do medio rural  
Comisión 7.<sup>a</sup>, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 08/POC-8591(73824)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Sueiro Pastoriza, Alberto e 6 deputados máis  
Sobre as novidades que presenta e ordena o texto do ante-  
proxecto de lei galega de protección xeral dos consumido-  
res e usuarios, elaborado pola Consellería de Economía e  
Industria, e as medidas establecidas nel que incrementan o  
nivel de protección e os dereitos dos consumidores gale-  
gos  
Comisión 6.<sup>a</sup>, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 08/POC-8592(73826)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Sueiro Pastoriza, Alberto e 6 deputados máis

Sobre a figura do mediador que se crea no texto do anteproxecto de lei galega de protección xeral dos consumidores e usuarios, elaborado pola Consellería de Economía e Industria, e as vantaxes comparativas que supón respecto do modelo anterior

Comisión 6.<sup>a</sup>, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 08/POC-8593(73827)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Sueiro Pastoriza, Alberto e 6 deputados máis

Sobre a rede de alerta galega de produtos de consumo que se crea no texto do anteproxecto de lei galega de protección xeral dos consumidores e usuarios, elaborado pola Consellería de Economía e Industria, e as vantaxes comparativas que supón respecto do modelo anterior

Comisión 6.<sup>a</sup>, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 08/POC-8594(73828)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Sueiro Pastoriza, Alberto e 4 deputados máis

Sobre a rede galega de educación para un consumo responsable que se crea no texto do anteproxecto de lei galega de protección xeral dos consumidores e usuarios, elaborado pola Consellería de Economía e Industria, e as vantaxes comparativas que supón respecto do modelo anterior

Comisión 6.<sup>a</sup>, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 08/POC-8595(73829)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Sueiro Pastoriza, Alberto e 6 deputados máis

Sobre as previsións existentes respecto do artellamento do órgano colexiado de coordinación, cooperación e participación coa Administración autonómica que se crea no texto do anteproxecto de lei galega de protección xeral dos consumidores e usuarios, elaborado pola Consellería de Economía e Industria, e as vantaxes comparativas que supón respecto do modelo anterior

Comisión 6.<sup>a</sup>, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 08/POC-8596(73830)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Veira, Pedro Manuel e 6 deputados máis

Sobre os contidos da proposta presentada polo Goberno galego e aprobada por unanimidade na Mesa do Diálogo Social do Sector Naval en relación co réxime fiscal aplicado á construción de novos buques, así como o calendario de actuacións, que valora a súa posible aprobación en xaneiro de 2012, e as actuacións adicionais desenvolvidas pola Xunta de Galicia para a defensa dese sector

Comisión 6.<sup>a</sup>, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 08/POC-8597(73881)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme

Sobre os recursos económicos que vai destinar a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a unha empresa privada para a formación e o control de calidade dos centros integrados e as razóns da exclusión da lingua galega no seu desenvolvemento

Comisión 4.<sup>a</sup>, Educación e Cultura

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2011

José Manuel Baltar Blanco

Vicepresidente 1.º

## 9. Informacións e correccións de erros

### 9.2. Correccións de erros

**Corrección de erros na publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 563, F.4, do día 20 de novembro de 2011, do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2012**

Advertido un erro tipográfico no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 563, F.4, do día 20 de novembro de 2011, do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2012, na reprodución do cadro correspondente á distribución orgánica e económica do orzamento consolidado nas páxinas 163358 e 163359, procédese á súa corrección.

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2011

Xosé Antón Sarmiento Méndez

Letrado oficial maior

Capítulos	I	II	III	IV	VI	VII	VIII	IX	Total
Parlamento	9.760.729	6.408.921		2.622.786	544.615	7.300	105.000		19.449.351
Consello de Contas	5.227.431	1.387.509		2.705	518.821		36.061		7.172.527
Consello da Cultura Galega	1.282.955	1.037.000		32.500	225.000				2.577.455
Presidencia da Xunta de Galicia	18.102.724	9.230.205		29.303.862	43.968.081	17.618.648	99.147.783		217.371.303
Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	110.623.038	33.547.368		34.860.333	10.188.942	13.314.526	50.000		202.584.207
Facenda	28.893.409	3.770.759	200	11.471.603	2.873.139	7.285.025	212.500		54.506.635
Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas	19.931.951	2.445.944		43.596.634	31.145.782	377.526.984			474.647.295
Economía e Industria	13.379.217	1.338.974		28.444.992	6.548.800	146.044.728	20.952.000		216.708.711
Educación e Ordenación Universitaria	1.329.810.600	210.535.018		581.478.257	55.928.314	78.079.499		522.799	2.256.354.487
Sanidade	46.066.436	1.649.318		3.221.685.467	26.561.694	58.391.939			3.354.354.854
Cultura e Turismo	27.807.735	4.961.440		25.902.117	25.014.916	46.126.875			129.813.083
Traballo e Benestar	179.877.470	198.843.936	1.600	509.211.292	20.290.035	11.371.907	255.000		919.851.240
Medio Rural	144.198.462	10.462.273		14.981.058	124.707.353	230.274.850			524.623.996
Mar	30.761.084	3.076.658		2.577.045	40.024.762	102.232.257			178.671.806
Consello Consultivo de Galicia	1.668.052	357.374			119.700				2.145.126
Transferencias a corporacións locais				116.588.659					116.588.659
Débeda pública da Comunidade Autónoma			293.182.430					537.408.313	830.590.743
Gastos de diversas consellarías	10.286.392	17.547.354		5.355.000	13.345.078		2.975.000		49.508.824
Administración xeral	1.977.677.685	506.600.051	293.184.230	4.628.114.310	402.005.032	1.088.274.538	123.733.344	537.931.112	9.557.520.302

Capítulos	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	IX	Total
Escola Galega de Administración Pública	1.074.017	1.913.867		79.923		198.355				3.266.162
Academia Galega de Seguridade Pública	752.644	1.751.604				73.352				2.577.600
Instituto Galego de Estatística	2.950.017	373.070		12.000		986.592				4.321.679
Consello Galego da Competencia	385.993	156.967				5.000				547.960
Instituto Galego da Vivenda e Solo	10.299.930	2.789.545		11.381.210		38.491.809	28.896.903	1.225.000		93.084.397
Instituto Galego de Consumo	4.791.675	674.623		268.000		751.500	168.500			6.654.298
Servizo Galego de Saúde	1.558.658.469	858.769.910		895.001.166	77.820.200	58.035.082	356.857	650.000		3.449.291.684
Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral	5.498.290	728.533				730.261				6.957.084
Fondo Galego de Garantía Agraria	4.969.413	654.294		20.000		1.979.204	74.304.389			81.927.300
Organismos autónomos	1.589.380.448	867.812.413		906.762.299	77.820.200	101.251.155	103.726.649	1.875.000		3.648.628.164
Consello Económico e Social de Galicia	531.426	260.771								792.197
Consello Galego de Relacións Laborais	661.890	434.487		55.059		11.700				1.163.136
Entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento	1.193.316	695.258		55.059		11.700				1.955.333
Axencia Galega de Emerxencias	747.100	59.669				5.700.251				6.507.020
Centro Informático para a Xestión Tributaria Económico-Financeira e Contable	5.311.050	1.481.150				6.293.433				13.085.633
Axencia Galega de Infraestruturas	13.291.422	1.035.642	210.000	7.422.014		251.034.988	10.460.000			283.454.066
Instituto Galego de Promoción Económica	7.004.609	2.800.000	1.500.000	3.767.326		6.000.000	55.324.456	50.000.000	9.636.364	136.032.755
Instituto Enerxético de Galicia	2.460.531	1.217.428		1.885.240		482.854	12.042.555			18.088.608
Axencia Galega das Industrias Culturais	2.253.087	908.713		1.830.062		2.911.924	7.241.000			15.144.786
Axencia Galega de Desenvolvemento Rural	4.452.161	900.730				2.821.783	31.589.125			39.763.799
Instituto Galego de Calidade Alimentaria	1.015.116	880.608				2.756.596				4.652.320
Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia	2.085.114	235.473				714.692				3.035.279
Axencias públicas autonómicas	38.620.190	9.519.413	1.710.000	14.904.642		278.716.521	116.657.136	50.000.000	9.636.364	519.764.266
Total orzamento bruto	3.606.871.639	1.384.627.135	294.894.230	5.549.836.310	77.820.200	781.984.408	1.308.658.323	175.608.344	547.567.476	13.727.868.065
Total transferencias internas				3.310.345.947			559.065.588			3.869.411.535
Total orzamento consolidado	3.606.871.639	1.384.627.135	294.894.230	2.239.490.363	77.820.200	781.984.408	749.592.735	175.608.344	547.567.476	9.858.456.530



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á totalidade ao proxecto de lei do deporte de Galicia** (PL-0037, doc. núm. 72736), con expresa petición de devolución, en virtude das seguintes consideracións:

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

- O proxecto non consegue modernizar e actualizar o esquema competencial e de ordenación dos poderes públicos, xa que a norma resulta de mera “colaboración, promoción e impulso” por parte da administración autonómica, desprazando o peso e a responsabilidade ao resto de administracións e ao tecido asociativo deportivo e efectuando unha remisión constante a principios xerais pero con escasa ou nula concreción.
- Resulta un proxecto puramente voluntarista pero con escasa posibilidade de desenvolvemento regulamentario, e lonxe da concepción do deporte coma auténtica función social.
- Aínda que formalmente tenta establecer o carácter integral da actividade física e deportiva, non contempla adecuadamente nin o deporte de base nin o deporte escolar, e dicir, os verdadeiros piares do noso deporte, fracasando precisamente no que manifesta buscar: a mellora da saúde pública e o fomento da cohesión social. Ao tempo que renuncia a facer do deporte en idade escolar e do deporte de base, o auténtico cerne das políticas deportivas galegas.
- Aborda timidamente cuestións fundamentais que afectan aos profesionais, pero non consegue a planificación e ordenación que necesitan. Deste xeito non se aborda, por exemplo, o recoñecemento do deportista “promesa” e os beneficios que tal condición debe acarrear nin se contempla o desenvolvemento do Estatuto de deportista promesa ou do Estatuto do deportista profesional.



Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

- Non aborda axeitadamente as relacións entre deporte e sustentabilidade, cando a práctica deportiva non debe quedar de costas á natureza e aos espazos naturais ou protexidos, compaxinándoos e non soamente limitándoos en base exclusivamente a unha política de prohibicións.
- No ámbito competencial obvia fórmulas moito mais modernas e actuais, como as que corresponden as mancomunidades, as áreas metropolitanas e a outras organizacións de índole asociativo institucional, non superando a visión actual das deputacións provinciais.
- As funcións que lle asignan o proxecto de lei ás entidades locais, en especial, aos concellos, son restritivas, cando debera terse unha visión que camiñase cara á universalización do acceso da cidadanía en xeral á práctica deportiva, na medida que afecta a saúde, a ocupación do tempo libre e a súa calidade de vida.
- Non soluciona nin aborda algún dos graves problemas que ten o deporte como é todo o relacionado coa atención sanitaria, quedando moi corta nas cuestións relacionadas coa saúde, pois se centra en demasía no control do dopaxe pero non contempla e obvia outras importantes materias, deixando en mans do tecido asociativo a responsabilidade da atención sanitaria dos deportistas. Igualmente a protección e asistencia sanitaria dos deportistas que participan en competicións oficiais galegas, debería constituír unha obriga garantida por lei e os convenios con entidades privadas deberían ser regulados especificamente en aras de preservar unha prestación sanitaria axeitada e eficiente. Cuestións ambas que o proxecto descoñece.
- Non recolle como se merece as relacións entre deporte e discapacidade, cando debera ser unha cuestión imprescindible neste proxecto, incluíndo o compromiso da Administración autonómica co deporte e a discapacidade para convertelo nun elemento básico de cohesión social.





Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia


- Esquece as oportunidades económicas que leva aparellado o deporte, así como a investigación e a innovación para lograr tamén neste campo un adecuado desenvolvemento financeiro e social.
- Non recolle un compromiso claro e rotundo ca igualdade, recollendo cuestións xenéricas pero sen garantir que non poidan darse elementos de discriminación, a vez que outorga escaso protagonismo á promoción, fomento e vertebración do deporte feminino.
- Contén escasa concreción de aspectos que teñen que ver coa responsabilidade civil derivada da practica deportiva en competicións organizadas pola administración.
- Non reflicte ningún compromiso orzamentario para o desenvolvemento desta norma, nin establecendo ningunha clase de dotación económica que garanta o futuro do deporte galego.
- Non se aborda a promoción exterior do deporte galego e se amosa demasiada ambigüedade na lei a respecto do papel que deben xogar as seleccións galegas nas distintas competicións internacionais.
- Pese a que o “gran avance” e novidade deste proxecto, segundo manifestacións do propio Goberno autonómico, resultaría ser a normativa para o control do dopaxe e a violencia no deporte, esta resulta ser copia exacta do aprobado recentemente pola normativa estatal.
- Non se aproveita o proxecto de lei para a reformulación da estrutura administrativa existente para o deporte en Galicia, incluíndo a supresión da Fundación Deporte Galego.

Pazo do Parlamento, 18 de novembro de 2011

Asdo.: Abel Losada Alvarez

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia




 Grupo Parlamentario

**Asinado dixitalmente por:**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 18/11/2011 17:48:41**

-----  
Partido dos  
Socialistas  
de Galicia  
-----



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 19/11/2011 11:40  
**Nº Rexistro: 73932**  
Data envío: 19/11/2011 11:40:49.804

## Á Mesa do Parlamento


**O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, con petición de devolución**, ao **Proxecto de lei do deporte de Galicia** (doc. núm. 72.736) en base aos seguintes motivos:

Basicamente en dous grandes ámbitos se inscriben as cuestións que motivan a emenda de totalidade do Grupo Parlamentar do BNG ao proxecto de lei do deporte de Galiza

- Aspectos relacionados con asuntos de fondo, motivados polo modelo que defendemos para o deporte galego, e que non están no proxecto ou que están de xeito inadecuado.
  
- Aspectos relacionados con cuestións de forma, posto que consideramos que o proxecto de lei é confuso e embarullado, desequilibrado no tratamento dos temas, incoherente en moitas das definicións que propón e como as desenvolve e con multitude de alusións e conceptos non definidos na lei, que provocan incertezas e inseguridade.

*Respecto das cuestións relacionadas co fondo expresamos as seguintes consideracións:*

1ª) Non está entre os obxectivos prioritarios da lei o configurar o acceso á actividade deportiva de calquera persoa en Galiza como un **dereito**, e todo o que



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza




**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 19/11/2011 11:40  
**Nº Rexistro: 73932**  
Data envío: 19/11/2011 11:40:49.804

conlevaría de actuación dos poderes públicos para efectivizalo. Este proxecto so parece estar orientado principalmente cara a ordear as sancións e infraccións deportivas, a loitar contra a dopaxe, e a reprimir a violencia dos espectadores e dos deportistas, e así o testimonia máis do 60% do articulado no que se estrutura.

2ª) No estudio do proxecto de lei, non so non atopamos unha reconsideración do modelo deportivo galego, senón que a necesidade de sacar unha nova lei a calquera prezo, levou á Xunta a presentar unha proposta de proxecto de lei que posiblemente responde o obxectivo principal de cumprimentar o curriculum de novas leis, onde o único que importa son os titulares “Nova lei para o Deporte en Galicia”. E así temos un texto que, en relación coa actividade deportiva e a actuación dos poderes públicos respecto da mesma, moveuse na inconcreción, na falla de compromisos concretos, nas definicións ambiguas, contradictorias e inconexas, que non comportan obrigas e deberes para os poderes públicos.

3ª) Si partimos dos datos que se manexan habitualmente de que se ten producido un incremento do interese pola actividade física e o deporte ata un 43% da sociedade, e que máis do 70% das persoas interesadas no deporte fano sen preocuparse pola competición, parece claro que un proxecto de lei que quixera definir un modelo deportivo galego tería que responder a esa realidade con algo máis que verbas de escasa vinculación obrigatoria para os poderes públicos como “promoción”, “fomento”, “procurará” etc., que están ben pero que, si queremos ir na senda de incorporar a practica e o disfrute da actividade deportiva como un **dereito cidadán**, hai que ser moito mais ambicioso, concreto e prescriptivo para a actuación dos poderes públicos galegos.




OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

4ª) Tampouco no deporte de competición hai un tratamento acaido da realidade galega en cousas tan elementais como non contemplar acaidamente a realidade plural dos distintos clubs e asociacións que existen en Galiza, dando a sensación que se queren poñer todo tipo de dificultades a unha infinidade de clubs modestos que existen en Galiza e que son básicos para manter o deporte de base, e que con esta lei van ter moi difícil a súa pervivencia.

5ª) Tampouco se avanza sensiblemente en democratizar as Federacións Deportivas, a pesares de ser un novo proxecto de lei, non se desenvolve ningún criterio que permita equilibrar o carácter presidencialista do que actualmente peca o modelo federativo. En contra do definido nos textos legislativos a Asemblea non ostenta de forma real o carácter de máximo órgano de goberno dunha federación, xa que o enorme carácter executivo dos presidentes das federacións non se equilibra.

6ª) Parece claro que en todos os países e sociedades o deporte comporta hoxe un fenómeno de cohesión social e identificación colectiva, pois ben no proxecto de lei, mais alá de unha alusión xenérica sin contido, non hai ningún tratamento da política dos poderes públicos galegos para impulsar, garantir e fortalecer co deporte a cohesión social e nacional galega e a nosa presenza nas competicións de ámbito estatal ou internacional.

7ª) Con un texto tan desequilibrado, efectivamente hai carencias clamorosas, e tratamentos de temas cruciais de xeito absolutamente testimonial: o deporte de base, o deporte en idade escolar e a función do ensino regrado, a investigación, as iniciativas para a xeneralización da actividade física e deportiva, a proxección exterior do



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 19/11/2011 11:40  
**Nº Rexistro: 73932**  
Data envío: 19/11/2011 11:40:49.804

deporte, os deportes autóctonos, a formación vinculada ao rendemento deportivo, o deporte feminino, o deporte en sectores de especial sensibilidade, as obrigas e o papel das sociedades anónimas deportivas, todo o relacionado coas distintas profesións e titulacións relacionadas co deporte, e así seguido.


*Respecto das cuestións relacionadas coa forma expresamos as seguintes consideracións:*

1ª) O texto é unha **auténtica chapuza** totalmente desequilibrado e fronte a “**microtítulos**”, cuxa misión debería ser ordear, estruturar e organizar os diferentes elementos e axentes que farían posibel un novo modelo deportivo galego, desenvolvendo as capacidades e oportunidades que ofrece o noso potencial e o seu papel para contribuir a mellorar o benestar da nosa sociedade a través da actividade física e do deporte, atopamonos cun **Título VII**, con 48 páxinas e 43 artigos, centrados na **xurisdicción e na xustiza deportiva**; cun **Título VIII**, 22 páxinas, e 24 artigos, obsesionados na prevención e **loita autonómica contra a dopaxe**, e un **Título IX**, con 24 páxinas e 18 artigos para, en palabras textuais, **prevenir, e reprimir a violencia no deporte**.

En resumo, escasa atención para crear un marco legislativo que permita o desenvolvemento de todo o deporte galego, e máis de oitenta artigos para a xustiza, a dopaxe e a violencia.

2ª) O proxecto de lei abusa de conceptos xurídicos indeterminados e multitude de definicións que despois non teñen correlación no texto, dando a sensación que





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 19/11/2011 11:40**  
**Nº Rexistro: 73932**  
Data envío: 19/11/2011 11:40:49.804

mesmo cada apartado está feito por distintas persoas sin unha posta en común. Nun apartado defínese unha cousa e noutros apartados utilízanse verbas para o mesmo asunto que non se definiron previamente, provocando un texto que xenera incertezas e inseguridade xurídica e que dende o punto de vista da forma convirte o proxecto nunha auténtica trapallada.

En definitiva un proxecto que ten máis unha vocación prohibicionista e represora que de avanzar significativamente en definir un modelo deportivo galego e que, aínda por riba, formalmente é moi incorrecto polo que propoñemos que se devolva á Xunta.

Santiago de Compostela, 19 de novembro de 2011.

Asdo.: Alfredo Suárez Canal

Deputado do G.P. do BNG.

Carlos Aymerich Cano

Portavoz do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Alfredo Suárez Canal na data 19/11/2011 11:35:47**

**Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 19/11/2011 11:35:53**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, **José Luis Méndez Romeu, María Concepción Burgo López e María José Caride Estévez**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

As extintas Caixanova e Caixa Galicia eran titulares, por si ou polas obras sociais e fundacións asociadas, dun notable patrimonio artístico, en especial referido á arte galega,. No seu conxunto constitúe a mellor colección existentes de artes plásticas de artistas galegos. Unha parte deses fondos está exposta permanentemente en Vigo, e outra parte está en exposicións itinerantes nas diferentes sedes das devanditas fundacións.

No proceso de fusión que deu lugar a Novacaixagalicia, as fundacións e obras sociais non foron integradas. No traspaso do negocio bancario o Novagalicia Banco, segundo as poucas noticias publicadas, parte dos inmobles das fundacións e obras sociais fican adscritas á entidade financeira.

O descoñecemento da situación patrimonial desas entidades está producindo incerteza e preocupación nas institucións locais, principais colaboradoras dos proxectos de promoción cultural.

Por iso o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1.º) Garantir a continuidade das coleccións artísticas de Caixanova e CaixaGalicia no seo da fundación resultante da súa desaparición.

2.º) Garantir o acceso público a elas en exposicións permanentes ou temporais.



Grupo Parlamentario

3.º) Garantir que a titularidade dos fondos quede na fundación que substitúa a Novacaixagalicia.

Pazo do Parlamento, 9 de novembro de 2011

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Asdo: José Luis Méndez Romeu  
María Concepción Burgo López  
María José Caride Estévez  
Deputado e deputadas do G.P. Socialista

Asdo: Abel Losada Álvarez  
Portavoz do G.P. Socialista

**Asinado dixitalmente por:**

**Jose Luis Méndez Romeu na data 11/11/2011 17:20:24**

**María Concepción Burgo López na data 11/11/2011 17:20:33**

**María José Caride Estévez na data 11/11/2011 17:20:44**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 11/11/2011 17:20:47**

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e a iniciativa das deputadas e deputados, **Natalia Barros Sánchez, Pedro M. Arias Veira, Román Rodríguez González, Agustín Baamonde Díaz, Teresa Villaverde Pais, Marisol Piñeiro Martínez e Lourdes Yáñez García**, ao abeiro do disposto no Artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición Non de Lei, para o seu debate en Comisión.**

### Exposición de Motivos

O turismo enolóxico está adquirindo cada vez máis importancia no mercado español como produto. Galicia goza neste sentido, ao contar con cinco denominacións de orixe propias caracterizadas pola calidade e variedade dos seus viños, dun posicionamento máis que salientable e ten grandes posibilidades para ocupar unha posición de referencia tanto a nivel nacional como internacional.

Conscientes da importancia de impulsar un produto que é sinónimo de calidade e tradición e que conta cun claro compoñente desestacionalizador, xa que é capaz de atraer a un importante número de turistas en todas as épocas do ano, a Xunta de Galicia, a través de Turgalicia e Agader, vén de formar parte nos últimos anos do proxecto europeo Rutas do Viño de Galicia e do Norte de Portugal, que remata no ano en curso.

Gracias a este proxecto, déronse xa os primeiros pasos para traballar nas rutas do viño de Galicia pero, dado o enorme potencial deste produto turístico, cómpre continuar traballando no seu desenvolvemento.

Non debe esquecerse o feito de que a natureza e a gastronomía constitúen, segundo as enquisas, as principais motivacións do turista para elixir Galicia como destino, nin tampouco que o goce dos produtos enogastronómicos é perfectamente compatible co doutros produtos, como o turismo termal, rural, ou de golf, abrindo así novas posibilidades de disfrute turístico e, polo tanto, xerando unha oferta máis atractiva para os nosos mercados emisores.

Precisamente por estes motivos, o produto enolóxico constitúe un dos principais puntais dentro da actual estratexia do Goberno galego de construción e posicionamento da marca turística de Galicia.

Unha vez sentadas as bases deste produto turístico, o seguinte paso debe ser prestarlle un axeitado apoio promocional co fin de dalo a coñecer nos nosos principais mercados emisores e fomentar a súa demanda, pois só deste xeito poderá continuarse co seu axeitado desenvolvemento.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte Proposición Non de Lei, para o seu debate en Comisión.

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a levar a cabo no vindeiro ano 2012, a través de Turgalicia, unha campaña de promoción do turismo enolóxico nos nosos principais mercados emisores nacionais”.

Santiago de Compostela, 14 de Novembro de 2011

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 14/11/2011 13:52:22**

**Natalia Barros Sánchez na data 14/11/2011 13:52:31**



grupo  
parlamentario  
de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 14/11/2011 16:30  
Nº Rexistro: 73713  
Data envío: 14/11/2011 14:06:29.829

**Pedro Manuel Arias Veira na data 14/11/2011 13:52:43**

**Román Rodríguez González na data 14/11/2011 13:52:49**

**Agustin Baamonde Díaz na data 14/11/2011 13:52:55**

**Maria Teresa Villaverde Pais na data 14/11/2011 13:53:04**

**María Soledad Piñeiro Martínez na data 14/11/2011 13:53:16**

**Lourdes Yáñez García na data 14/11/2011 13:53:31**

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR  
DE GALICIA  
Rúa do Hórreo, 63  
15702 Sarriego de Compostela  
T. 981 551 519  
F. 981 551 422  
ce.parlamentariopopular@xg.es  
www.parlamentariopopular.es



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e a iniciativa das deputadas e deputados, **Natalia Barros Sánchez, Pedro M. Arias Veira, Román Rodríguez González, Agustín Baamonde Díaz, Teresa Villaverde Pais, Marisol Piñeiro Martínez e Lourdes Yáñez García**, ao abeiro do disposto no Artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición Non de Lei, para o seu debate en Comisión**.

### Exposición de Motivos

Na actualidade, a Comunidade Autónoma galega é líder destacada na oferta de estacións termais, contando con variedade competitiva en todas as tipoloxías, gracias en boa parte ao impulso dado historicamente dende a administración autonómica ao noso sector termal.

O Grupo Parlamentario Popular é plenamente consciente de que as actividades termais teñen unha consideración estratéxica para Galicia polo seu carácter diferenciador, pola seu fondo vencello co territorio no que se localizan e pola súa gran repercusión, non só sobre o conxunto de actividades turísticas empresariais, senón sobre todo o sistema empresarial galego.

O termalismo é unha das bazas máis importantes do noso futuro económico, entre outras razóns porque emprega un recurso endógeno exclusivo e diferencial, porque fomenta un modelo de empresa comprometida co desenvolvemento sostible, porque actúa como un elemento de desestacionalización e de reequilibrio territorial, porque fixa poboación no rural e porque contribúe, en definitiva, a mellorar a calidade de vida dos nosos cidadáns.

Durante a anterior Lexislatura, nun momento clave para o desenvolvemento do sector termal, non se continuou cun apoio firme ao mesmo, a pesar de ser un dos segmentos máis competitivos do noso turismo.

Pola contra, dende o ano 2009, a actual Administración autonómica ten apostado amplamente por este sector, tanto no eido da innovación e da formación, como no do impulso ao sector privado e á comercialización.

O propio Plan de Acción do Turismo de Galicia e a nova Lei do Turismo de Galicia, impulsados polo actual Goberno galego e elaborados en pleno consenso co noso sector turístico, teñen moi en conta ao sector termal como elemento estratéxico fundamental.

A vila de Cortegada conta, entre os seus moitos e ricos recursos turísticos e culturais, con oito puntos de augas mineiro-medicinais termais utilizadas dende tempos inmemoriais, aínda que máis coñecidas a partir da década dos anos sesenta do século XVIII.

As augas de Cortegada “de Baños” caracterízanse pola súa composición sulfurosa e ferruxinosa e pola súas propiedades para a mellora de numerosas doenzas, entre as que se contan as afeccións respiratorias ou hepáticas.

Esta vocación termal, coñecida hai tempo atrás, queda patente incluso no propio escudo do Concello, que representa unha fonte que simboliza os baños termais existentes nesta localidade.

O Grupo Parlamentario Popular considera preciso seguir afondando na renovación constante da nosa oferta termal e na continua adaptación dos seus produtos ás novas tendencias da demanda.

Consideramos, por elo, que mellorar as condicións do novo balneario de Cortegada axudará a impulsar nesta vila un produto de calidade, diferenciado e cun valor engadido, que axude a contribuír á atracción de novos visitantes nesta zona ademais de poñer en valor a cultura da auga, tan arraigada nestas terras.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte Proposición Non de Lei, para o seu debate en Comisión.

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a levar a cabo obras de mellora e ampliación no novo balneario de Cortegada”.

Santiago de Compostela, 14 de Novembro de 2011

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 14/11/2011 13:56:31**

**Natalia Barros Sánchez na data 14/11/2011 13:56:38**

**Pedro Manuel Arias Veira na data 14/11/2011 13:56:48**

**Román Rodríguez González na data 14/11/2011 13:56:53**

**Agustin Baamonde Díaz na data 14/11/2011 13:56:58**

**Maria Teresa Villaverde Pais na data 14/11/2011 13:57:07**

**María Soledad Piñeiro Martínez na data 14/11/2011 13:57:15**

**Lourdes Yáñez García na data 14/11/2011 13:57:24**

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e a iniciativa das deputadas e deputados, **Natalia Barros Sánchez, Pedro M. Arias Veira, Román Rodríguez González, Agustín Baamonde Díaz, Teresa Villaverde Pais, Marisol Piñeiro Martínez e Lourdes Yáñez García**, ao abeiro do disposto no Artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición Non de Lei para o seu debate en Comisión**.

### Exposición de Motivos

Un dos obxectivos da administración turística galega debe ser impulsar a accesibilidade e a posta en valor da información que poida resultar de utilidade para os diferentes axentes implicados na actividade turística na nosa Comunidade.

Neste sentido, a rede de oficinas de turismo de Galicia constitúe unha valiosa fonte potencial de información, non só no referente ao conxunto da noso territorio, senón tamén dende unha óptica local.

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR

DE GALICIA

Rúa do Hórreo, 63

15702 Santiago de Compostela

T. 981 551 510

F. 981 551 422

[grupop@parlamentariodegalicia.es](mailto:grupop@parlamentariodegalicia.es)

[www.pdgalegias.com](http://www.pdgalegias.com)

Sobre esta base, o desenvolvemento dun sistema de información turística integrado nas oficinas de turismo de Galicia resulta fundamental para mellorar a calidade da información obtida nas distintas oficinas de turismo espalladas pola xeografía galega, principalmente no relativo ao perfil do usuario e ao nivel de satisfacción dos servizos prestados nas mesmas.

O desenvolvemento deste sistema harmonizado e homoxéneo de recollida e tratamento de datos estatísticos permitiría mellorar non só o nivel de coñecemento en cada destino, senón tamén poder realizar análises comparativas entre os mesmos.

Por todo elo, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte Proposición Non de Lei, para o seu debate en Comisión.

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia á creación e desenvolvemento dun sistema integrado e homoxéneo de recollida e tratamento de datos estatísticos nas oficinas de turismo de Galicia, conformado polo desenvolvemento dunha aplicación informática a implantar de xeito progresivo nas diferentes oficinas de turismo de Galicia”.

Santiago de Compostela, 14 de Novembro de 2011

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR

DE GALICIA

Rúa do Hórreo, 63

15702 Santiago de Compostela

T. 981 551 510

F. 981 551 422

[grupop@parlamentariodegalicia.es](mailto:grupop@parlamentariodegalicia.es)

[www.pdgalegias.com](http://www.pdgalegias.com)

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 14/11/2011 13:59:37**

**Natalia Barros Sánchez na data 14/11/2011 13:59:44**

**Pedro Manuel Arias Veira na data 14/11/2011 13:59:54**

**Román Rodríguez González na data 14/11/2011 14:00:00**

**Agustin Baamonde Díaz na data 14/11/2011 14:00:05**

**Maria Teresa Villaverde Pais na data 14/11/2011 14:00:14**

**María Soledad Piñeiro Martínez na data 14/11/2011 14:00:22**

**Lourdes Yáñez García na data 14/11/2011 14:00:30**

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR

DE GALICIA

Rúa do Hórreo, 63

15702 Santiago de Compostela

T. 981 551 510

F. 981 551 422

[grupop@parlamentodegalicia.es](mailto:grupop@parlamentodegalicia.es)

[www.pdgol.com](http://www.pdgol.com)



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa da deputada **Tereixa Paz Franco**, e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei na Comisión 1<sup>a</sup>**, relativa aos medios cos que conta a Oficina Agraria Comarcal de Ordes para realizar as súas funcións.

Segundo informacións que ten recibido este Grupo Parlamentar a falta de persoal técnico na Organización Agraria comarcal de Ordes está provocando a imposibilidade de realizar as funcións de inspección que teñen encomendadas en relación coa xestión das ordes de axuda.

Concretamente, esta carencia podería afectar a beneficiarios/as de axudas para Planos de Mellora, que logo de realizar o investimento comprometido na explotación, poderían verse privados de percibir a subvención por non poderse realizar polos servizos técnicos a verificación de cumprimento das condicións establecidas para a súa percepción.

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada asinante, formula a seguinte Proposición non de lei en Comisión



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a dotar á Oficina Agraria Comarcal de Ordes de persoal técnico preciso para poder realizar en tempo e forma as inspeccións e verificacións de cumprimento de condicións que teñen encomendadas**

Santiago de Compostela, 16 de Novembro de 2011

**Asdo. Tereixa Paz Franco**

Deputada do G.P. do BNG

**Carlos Aymerich Cano**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Tereixa Paz Franco na data 16/11/2011 10:16:46**

**Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 16/11/2011 10:16:50**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada **Tereixa Paz Franco**, solicita a seguinte **corrección de erros** na **Proposición non de lei en Comisión** con número de rexistro **73781**.

No primeiro parágrafo, onde di “**Comisión 1<sup>a</sup>**”, debe dicir “**Comisión 7<sup>a</sup>**”.

Santiago de Compostela, 17 de Novembro de 2011

Asdo. **Tereixa Paz Franco**

Deputada do G.P. do BNG


**Carlos Aymerich Cano**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Tereixa Paz Franco na data 17/11/2011 10:28:42**

**Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 17/11/2011 10:28:46**



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza


## Á Mesa do Parlamento

**O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa das deputadas **Tereixa Paz Franco**, **Ana Belén Pontón Mondelo** e do deputado **Alfredo Suárez Canal**, e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei en Comisión**, relativa ás xestións para garantir que en Viana do Bolo durante as desconexións territoriais de radio pública galega se reciba o sinal de Ourense.

Na actualidade durante as desconexións territoriais que se producen ao longo do día na Radio Pública galega e os habitantes do concello de Viana do Bolo non reciben o sinal de Ourense.

Esta situación, tendo en conta que durante as desconexións territoriais se emite información relativa a cuestión que ocorren ou afectan ás diferentes comarcas ourensáns, provoca que os veciños e veciñas de Viana do Bolo fiquen excluídos na recepción de información do seu entorno, vulnerando deste xeito un principio básico de dereito de acceso á información.

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, formula a seguinte Proposición non de lei en Comisión:



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**O Parlamento Galego insta á Xunta de Galiza a realizar as actuacións precisas para que a Compañía de Radio Televisión de Galiza poida garantir a recepción no concello de Viana do Bolo do sinal de Ourense nas desconexións locais da radio pública galega.**

Santiago de Compostela, 16 de Novembro de 2011

Asdo. **Tereixa Paz Franco**

**Alfredo Suárez Canal**

Deputada e Deputado do G.P. do BNG

**Ana Belén Pontón Mondelo**

Deputada e Portavoz suplente do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Tereixa Paz Franco na data 16/11/2011 10:27:58**

**Ana Belén Pontón Mondelo na data 16/11/2011 10:28:04**

**Alfredo Suárez Canal na data 16/11/2011 10:28:08**



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a instancias da deputada María do Carme Adán Villamarín e do deputado Henrique Viéitez Alonso, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.**

### Exposición de motivos:

A educación é un dos piares básicos que garante a igualdade de oportunidades na sociedade actual. Investir nun bo sistema educativo é a garantía do necesario desenvolvemento económico e social da sociedade. Todas as etapas educativas son de vital importancia no desenvolvemento dos nenos e as nenas, mais podemos afirmar que os primeiros anos da escolarización dun alumno ou alumna marcan as pautas educativas que determinaran o futuro acceso pleno ao coñecemento e a formación.

Asemade a boa dotación de servizos educativos no ámbito máis rural contribúe de xeito claro ao reequilibrio territorial. Diferentes estudos avalan a tese de que investir en bos servizos educativos próximos ao domicilio é unha das medidas necesarias para a reactivación demográfica dun país.

A EEI do Outeiro de Pazos de Borbén é unha escola que conta con dous edificios á súa disposición, un deles con dúas aulas e outro con unha, nos que se imparten as clases de 3, 4 e 5 anos respectivamente, a pesar de seren dúas edificacións a distancia que hai entre elas é inferior aos 2 metros, ademais o recinto atópase totalmente delimitado e as dúas edificacións forman un só conxunto cunha ampla zona verde.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Estas estupendas instalacións chocan coa vontade do Goberno galego que deixa esmorecer as escolas do rural. De feito, a escaseza de profesorado e as dificultades que atopan nais e pais para que se realicen actividades no centro levou á seguinte evolución:

Curso 2007/2008: 35 nenos e nenas

Curso 2008/2009: 30 nenos e nenas

Curso 2009/2010: 24 nenos e nenas


Curso 2010/2011: 17 nenos e nenas

Curso 2011/2012: 15 nenos e nenas

Na actualidade todos os nenas e nenos están agrupados nun único curso, sen ningún tipo de profesorado de apoio. A profesora responsábel ten que dar aulas aos tres niveis educativos agrupados e, ademais, realiza o traballo de titora, organiza a vida escolar, realiza as funcións de directora e de administrativa atendendo o teléfono durante o horario lectivo. No caso dunha baixa por enfermidade leve o alumnado corre o risco de chegar á escola e atopar as portas pechadas. Ante as reiteradas queixas dos pais e nais, que incluso demoraron o inicio do curso escolar, a administración só argumenta motivos de austeridade para mellorar a dotación deste centro escolar.

Por isto, presentase a seguinte Proposición non de lei:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego á dotación de persoal suficiente para o normal desenvolvemento do centro educativo EEI do Outeiro de Pazos de Borbén”.



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 16/11/2011 12:57  
**Nº Rexistro: 73801**  
Data envío: 16/11/2011 12:57:42.525

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2011.

Asdo.: María do Carme Adán Villamarín

Henrique Viéitez Alonso

Deputada e deputado do G.P. do BNG.

Carlos Aymerich Cano

Portavoz do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**María do Carme Adán Villamarín na data 16/11/2011 12:55:32**

**Henrique Vieitez Alonso na data 16/11/2011 12:55:36**

**Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 16/11/2011 12:56:41**

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e a iniciativa dos deputados e deputadas, **Pedro M. Arias Veira, Natalia Barros Sánchez, Daniel Varela Suanzes-Carpegna, Antonio A. Fraga Sánchez, Angeles Díaz Pardo, Cristina Romero Fernández e Alberto Sueiro Pastoriza**, ao abeiro do disposto no Artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición Non de Lei para o seu debate en Comisión**.

### Exposición de Motivos

Recentemente tivemos coñecemento de como a Mesa do Diálogo Social do Sector Naval (composta pola Xunta, CCOO, UGT e Confederación de Empresarios) aprobou por unanimidade a proposta presentada polo Goberno galego con dúas alternativas ao tax lease baseadas no sistema francés, así como un calendario de actuacións que contempla a súa posible aprobación en xaneiro de 2012.

Segundo se indica desde a propia consellería de Economía e Industria, as novas solucións van ser remitidas aos Ministerios de Economía e Industria, á Comisión Europea, aos grupos parlamentarios, ao Consello Económico e Social dos Estados Europeos e outros organismos interesados nestas posibles solucións. Ademais, Economía e Industria solicitou o pasado venres 4 de novembro unha reunión con Joaquín Almunia para defender as novas alternativas.

Asemade, o conselleiro, Javier Guerra, transmitiu a indignación do naval ante a falta de solucións do Goberno de España que deixa “indefenso” un sector do que dependen 14.000 empregos.

A gravidade do rexeitamento da proposta do Goberno central retrasa novamente a posta en marcha dunha solución capaz de garantir un sistema fiscal que permita a supervivencia dun sector estratéxico para Galicia.

É por iso que o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte Proposición Non de Lei, para debater en Comisión.

“O Parlamento de Galicia, insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España que teña en consideración o aprobado no seno da Mesa do Diálogo Social do Sector Naval e se poña fin a incertidume que ameaza o futuro deste sector estratéxico.”

Santiago de Compostela, 17 de Novembro de 2011

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 17/11/2011 9:48:38**

**Pedro Manuel Arias Veira na data 17/11/2011 9:48:47**

**Natalia Barros Sánchez na data 17/11/2011 9:48:55**

**Daniel Luis Varela Suancez-Carpegna na data 17/11/2011 9:49:02**

**Antonio Fraga Sánchez na data 17/11/2011 9:49:10**

**Maria Angeles Díaz Pardo na data 17/11/2011 9:49:16**

**Cristina Isabel Romero Fernández na data 17/11/2011 9:49:22**

**Alberto Sueiro Pastoriza na data 17/11/2011 9:49:31**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do seu deputado e portavoz **Carlos Aymerich Cano**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**, relativa á defensa dun sistema financeiro galego.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O panorama financeiro de Galiza vén determinado, hoxe, pola absorción do Banco Pastor polo Banco Popular, pola venda a prezo de saldo de NovaCaixaGalicia ao FROB como paso previo á súa completa privatización e liquidación da súa obra social e, como consecuencia do anterior, pola falta de crédito que padecen as empresas e as familias galegas e que explica, xunto coa desastrosa xestión da Xunta, a destrución de emprego e o raquíτικο crecemento (apenas un 0,8% en cómputo interanual no terceiro trimestre de 2011, dúas décimas menos que a media estatal) que rexistra o noso país.

Os principais partidos españois partillan que o proceso de fusión e concentración bancaria debe continuar e, a priori, desbotan calquera hipótese de modificación do marco legal do FROB co fin de facer posíbel que os poderes públicos galegos podan exercer os dereitos decurrentes da participación daquel no capital de NGC Banco ou, aínda, permitir que a adquisición por parte da Comunidade Autónoma dunha participación maioritaria no capital asegure, através da titularidade pública, o compromiso efectivo da entidade co emprego e o desenvolvemento económico e social de Galiza.



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 17/11/2011 13:51  
**Nº Rexistro: 73877**  
Data envío: 17/11/2011 13:51:38.699

No entanto a abertura de dilixencias pola Fiscalía Anticorrupción, a resultas dunha denuncia formulada pola CIG, sobre a valoración de NCG realizada polo Banco de España e as escandalosas indemnizacións percebidas polos seus antigos directivos pon de manifesto a existencia de irregularidades que o Parlamento de Galiza debe investigar e esclarecer.


Así as cousas, e co fin de defender un sistema financeiro galego, fórmulase a seguinte

### **PROPOSICIÓN NON DE LEI**

O Parlamento de Galiza insta ao Goberno:

1. A negociar co goberno español, ao abeiro do disposto no art. 55.1ª do vixente Estatuto de Autonomía de Galiza, que a Comunidade Autónoma poda exercer os dereitos decorrentes da participación do FROB no capital de NCG Banco.
2. A promover a modificación do marco legal vixente do FROB co fin de facer posíbel que a Comunidade Autónoma poda adquirir unha participación maioritaria no capital de NCG Banco.
3. A colaborar co Ministerio Fiscal na investigación das irregularidades en que terían incorrido o Banco de España e os directivos das caixas canto, respectivamente, á infravaloración da entidade e ás indemnizacións e compensación percebidas e a permitir a investigación en sede parlamentar.
4. A asegurar a continuidade da obra social de NCG no nivel medio dos últimos cinco anos.

Santiago de Compostela, 17 de Novembro de 2011.



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 17/11/2011 13:51  
**Nº Rexistro: 73877**  
Data envío: 17/11/2011 13:51:38.699

Asdo.: Carlos Aymerich Cano

Portavoz do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 17/11/2011 13:47:01**



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento


**O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da súa deputada Isabel Sánchez Montenegro e do seu deputado Manuel Parga Núñez, ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.**

En Monforte de Lemos existe un centro de educación especial de titularidade pública chamado C.E.E. Infanta Elena que escolariza a alumnos e alumnas dende os tres ata os vinte e un anos de idade e que presentan necesidades educativas específicas polas súas minusvalías físicas e psíquicas. O alumnado procede as zonas limítrofes e do resto da xeografía galega.

O problema que conleva a atención a este sector da poboación comeza cando termina esta etapa educativa, posto que non existe ningún tipo de centro que cubra estas características. Os poucos centros que existen en Galiza non están dotados adecuadamente e posúen unhas enormes listas de espera para poder acceder ós seus servizos.

Os pais e nais dos alumnos e exalumnos do C.E.E. levan tempo denunciando esta situación e demandando a construción dun centro de atención a minusválidos psíquicos maiores de vinte e un anos.

O BNG consideramos que a atención integral das persoas con minusvalías é un servizo indispensábel que as Administracións Públicas deben garantir.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 17/11/2011 18:29  
Nº Rexistro: 73899  
Data envío: 17/11/2011 18:29:12.020

Polo exposto, formulamos a seguinte Proposición non de Lei:

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a construír en Monforte de Lemos un centro de atención a minusválidos psíquicos maiores de vinte e un anos de idade”

Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2011.

Asdo.: Isabel Sánchez Montenegro

Manuel Parga Núñez

Deputada e deputado do G.P. do BNG.

Carlos Aymerich Cano


Portavoz do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Isabel Sánchez Montenegro na data 17/11/2011 18:28:25**

**Manuel Parga Núñez na data 17/11/2011 18:28:31**

**Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 17/11/2011 18:28:34**



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 11/11/2011 11:27  
Nº Rexistro: 73603  
Data envío: 11/11/2011 11:27:28.018

## Á Mesa do Parlamento

**Fernando Branco Parga**, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.


A empresa de Narón, Eymosa, vén de presentar un Ere de extinción para 108 traballadores/as, algún con máis de vinte anos de antigüidade, dedicados á construción de góndolas de aerogeradores.

Con este novo peche, que se suma aos anteriores de Barlovento, Metalúrxica do Atlántico, LM e a importante redución de persoal en Gamesa, a Comarca de Ferrolterra leva perdidos máis de 1.200 empregos directos no sector eólico nos últimos tempos.

Esta destrución de emprego ten causa en irresponsábeis decisións políticas, como foi a derogación do concurso eólico do anterior goberno da Xunta, que como demostrou a Xustiza era legal.

Dende que goberna de novo o PP na Xunta, na Comarca de Ferrolterra, podemos comprobar e constatar os resultados desta decisión, porén aínda non coñecemos os supostos beneficios do novo concurso eólico.

Por este motivo o **Grupo Parlamentar do BNG** realiza as seguintes preguntas:



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 11/11/2011 11:27  
**Nº Rexistro: 73603**  
Data envío: 11/11/2011 11:27:28.018

1.<sup>a</sup>) Que valoración fai a Consellaría de Economía e Industria da caída do importante sector eólico da Comarca de Ferrolterra?

2.<sup>a</sup>) Ten previsto algunha actuación concreta para paliar estes efectos negativos?, de ser así, cal?

3.<sup>a</sup>) Vaise asumir algunha responsabilidade política pola nefasta xestión do sector eólico galego?

Santiago de Compostela, 11 de novembro de 2011.

Asdo.: Fernando Branco Parga

Deputado do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Fernando Branco Parga na data 11/11/2011 11:04:21**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Fernando Branco Parga e María Tereixa Paz Franco**, deputado e deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.**

Na concentración parcelaria de Grixalba, no Concello de Sobrado dos Monxes, na zona de Pena Grande propúxose unha modificación do trazado dunha pista.


Coa proposta realizaríase unha pista con máis pendente, máis trazado e máis curvas que a inicialmente proxectada.

Ademais, a día de hoxe, o novo proxecto reformado non pasou polo trámite de exposición pública, nin no concello nin na parroquia.

Por este motivo o **Grupo Parlamentar do BNG** realiza as seguintes preguntas:

- 1.<sup>a</sup>) Que coñecemento ten a Consellaría de Medio Rural sobre esta proposta de cambio de trazado?
- 2.<sup>a</sup>) Vaise realizar exposición pública desta reforma?, cando?
- 3.<sup>a</sup>) De facerse esta reforma, cal é a xustificación?





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 11/11/2011 11:28  
Nº Rexistro: 73606  
Data envío: 11/11/2011 11:28:34.626

4.ª) Non suporía un agravio cos propietarios que aceptaron o proxecto inicial?

Santiago de Compostela, 11 de novembro de 2011.

Asdo.: Fernando Branco Parga

María Tereixa Paz Franco

Deputado e deputada do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Fernando Branco Parga na data 11/11/2011 10:31:50**

**María Tereixa Paz Franco na data 11/11/2011 10:31:56**



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Fernando Branco Parga e Ana Luisa Bouza Santiago**, deputado e deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.


Segundo o Sergas, a dotación dos servizos básicos do Centro de Saúde de Mugar dos é de 4 médicos/as xerais, 1 pediatra, 2 administrativos/as, 5 ATS/DUE e, ademais, de 1 ATS/DUE de apoio especial.

Porén, actualmente está sen cubrir a vacante dunha praza de ATS/DUE, por mor dunha baixa por incapacidade e, ademais, tampouco está cuberta a praza de ATD/DUE de apoio especial.

É dicir, dos 6 ATS/DUE previstos para este Centro, na actualidade hai 4; algo que xa provocou as queixas do Concello de Mugar dos e do propio persoal do Centro sanitario.

Por este motivo, o **Grupo Parlamentar do BNG** realiza as seguintes preguntas:

- 1.<sup>a</sup>) A Consellaría de Sanidade vai dotar o Centro de Saúde de Mugar dos con todo o persoal previsto?
- 2.<sup>a</sup>) De ser así, cando vai regularizar esta situación?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 11/11/2011 11:29  
Nº Rexistro: 73610  
Data envío: 11/11/2011 11:29:52.202

3.<sup>a</sup>) De non facelo, ademais de incrementar a carga de traballo aos sanitarios que atenden o Centro, non considera a Consellaría que se está deteriorando gravemente a calidade asistencial sanitaria neste Concello?.

4.<sup>a</sup>) Non anunciou o Goberno Feijoo que non se ían acometer recortes sociais?, entón porque se produce este recorte social?

Santiago de Compostela, 11 de novembro de 2011.

Asdo.: Fernando Branco Parga

Ana Luisa Bouza Santiago

Deputado e deputada do G.P.do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Fernando Branco Parga na data 11/11/2011 11:22:47**

**Ana Luisa Bouza Santiago na data 11/11/2011 11:22:51**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

.....  
**José Luis Méndez Romeu**, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

.....  
O pasado 17 de xuño, o Igape e Novacaixagalicia asinaron un convenio por importe de 1.330.000 euros que tiña por obxecto a capacitación de mozas e mozos galegos no marco das áreas de actuación do Banco Latinoamericano de Desenvolvemento, durante os anos 2011 a 2014.

Sendo necesario avaliar os datos do convenio, fórmulanse as seguintes preguntas:

- 1.<sup>a</sup>) Cal é o contido das accións previstas ao abeiro do convenio?
- 2.<sup>a</sup>) Cantas mozos e mozas serán seleccionados e seleccionadas?
- 3.<sup>a</sup>) Que composición terá o órgano de selección?
- 4.<sup>a</sup>) Que áreas de actuación serán consideradas?
- 5.<sup>a</sup>) Cal é a desagregación dos gastos previstos?

Pazo do Parlamento, 11 de novembro de 2011

Asdo: José Luis Méndez Romeu  
Deputado do G.P. Socialista

**Asinado dixitalmente por:**



Grupo Parlamentario

**Jose Luis Méndez Romeu na data 11/11/2011 12:58:39**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**José Luis Méndez Romeu, María Concepción Burgo López e María José Caride Estévez**, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

As extintas Caixanova e Caixa Galicia eran titulares, por si ou polas obras sociais e fundacións asociadas, dun notable patrimonio artístico, en especial referido á arte galega. No seu conxunto constitúe a mellor colección existentes de artes plásticas de artistas galegos. Unha parte deses fondos está exposta permanentemente en Vigo, e outra parte está en exposicións itinerantes nas diferentes sedes das devanditas fundacións.

No proceso de fusión que deu lugar a Novacaixagalicia, as fundacións e obras sociais non foron integradas. No traspaso do negocio bancario o Novagalicia Banco, segundo as poucas noticias publicadas, parte dos inmobles das fundacións e obras sociais fican adscritas á entidade financeira.

O descoñecemento da situación patrimonial desas entidades está producindo incerteza e preocupación nas institucións locais, principais colaboradoras dos proxectos de promoción cultural.

Por iso o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.<sup>a</sup>) Coñece o Goberno galego a situación das coleccións artísticas das desaparecidas caixas de aforro galegas?
- 2.<sup>a</sup>) Está decidido o seu destino?
- 3.<sup>a</sup>) Están controlados os seus inventarios e a súa titularidade?
- 4.<sup>a</sup>) Está a exercer a Xunta as funcións de Protectorado previstas na Lei da fundación?

Pazo do Parlamento, 9 de novembro de 2011

Asdo: José Luis Méndez Romeu  
María Concepción Burgo López  
María José Caride Estévez  
Deputado e deputadas do G.P. Socialista



Grupo Parlamentario

**Asinado dixitalmente por:**

.....  
**Jose Luis Méndez Romeu na data 11/11/2011 17:25:26**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**María Concepción Burgo López na data 11/11/2011 17:25:34**

.....  
**María José Caride Estévez na data 11/11/2011 17:25:37**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

María José Caride Estévez, Ismael Rego González, José Manuel Gallego Lomba e María Carmen Acuña do Campo, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Goberno galego comprometeuse a pagar en prazo aos provedores e contratistas. Esta medida, imprescindible para eliminar os intereses de demora, resulta fundamental para proporcionar financiamento ás empresas ao permitirlle o pago aos seus provedores.

O Grupo Parlamentario Socialista cre preciso coñecer o grao de cumprimento destes obxectivos. Por este motivo preguntamos ao Goberno galego para a súa resposta oral en Comisión as seguintes cuestións:

1.<sup>a</sup>) Que importe de certificacións de obra abonou a Xunta de Galicia dende agosto de 2011?

2.<sup>a</sup>) cantas certificacións de obra abonou a Xunta de Galicia dende Agosto de 2011?

3.<sup>a</sup>) Cantas certificacións de obra aprobou a Xunta de Galicia dende agosto de 2011?

4.<sup>a</sup>) Con que importe?

Pazo do Parlamento, 11 de novembro de 2011

Asdo: María José Caride Estévez  
Ismael Rego González  
José Manuel Gallego Lomba  
María Carmen Acuña do Campo  
Deputadas e deputados do G.P. Socialista





Grupo Parlamentario

**Asinado dixitalmente por:**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**María José Caride Estévez na data 11/11/2011 16:46:48**

**Ismael Rego González na data 11/11/2011 16:46:51**

**José Manuel Gallego Lomba na data 11/11/2011 16:47:04**

**María del Carmen Acuña do Campo na data 11/11/2011 16:47:16**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**José Luis Méndez Romeu, Carmen Gallego Calvar e María Carmen Acuña do Campo**, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

A descoñecida Operación “Arena”, desvela un conxunto de prácticas empresariais irregulares. Un empresario importa áridos procedentes de estradas holandesas, que non foron valorizados, e comercializa en distintas obras públicas e privadas. Vende os materiais a un prezo inferior ao custo provocando así a atención da competencia, que ademais comproba que o material non cumpre a normativa vixente.

Logo de meses de vicisitudes administrativas, a Xunta de Galicia inicia actuacións sobre os depósitos de material radicados no peirao do porto de Ferrol e máis en parcelas dos concellos de Cabana e Fene, iníciáanse expedientes sancionadores. Nese intre o volume de residuos xa utilizado en obras é moi elevado.

Paralelamente a investigación xudicial descobre un presunto delito de tráfico de influencias que provoca a dimisión dun membro do Parlamento.

Iniciase así un tratamento mediático que vai dando a coñecer á opinión pública, omisións administrativas, laxitude nos controis e inspeccións, e unha cativa atención sobre os movementos de mercadorías importadas. Tamén a inexistencia dun labor de inspección sobre a composición dos materiais e a utilización do marcador CE. As normas vixentes na Lei de seguridade industrial ou na Lei de ordenación da minaría, son incumpridos.

Por iso fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.<sup>a</sup>) Que autoridade ostenta a competencia sobre cada un dos procesos seguintes referidos á importación para o seu uso en Galicia



Grupo Parlamentario

de áridos ou residuos: importación–manipulación–depósito–comercialización?

2.a) Que iniciativas adoptaron a inspección de seguridade industrial e a inspección de minaría, dependentes da Consellaría de Economía e Industria?

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Pazo do Parlamento, 11 de novembro de 2011


Asdo: José Luis Méndez Romeu  
Carmen Gallego Calvar  
Carmen Acuña do Campo  
Deputado e deputadas do G.P. Socialista

**Asinado dixitalmente por:**

**Jose Luis Méndez Romeu na data 11/11/2011 17:04:38**

**Carmen Gallego Calvar na data 11/11/2011 17:04:42**

**María del Carmen Acuña do Campo na data 11/11/2011 17:36:52**



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Fernando Branco Parga, María Tereixa Paz Franco e Alfredo Suárez Canal**, deputados e deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

A finais de marzo deste ano, a empresa británica Xero dedicada á produción de vehículos eléctricos presentou o proxecto de implantación en Ourense, para a fabricación dun coche de tres prazas denominado X-EV, cunha autonomía de 200 quilómetros e cun custe estimado de 18.000 euros.

Este proxecto prevía un investimento de 26 M€, a creación de 1.030 postos de traballo en cinco anos e comezaría a produción en serie no ano 2012.

Para a súa implantación contaba con axudas da Xunta de Galiza estimadas entre 8,5 e 11 M€.

O día da súa presentación pública, marzo de 2011, o Conselleiro de Economía e Industria afirmaba que en dous meses estes vehículos serán testados nas estradas de Ourense e que, con este compromiso, Galiza se sitúa na vangarda do I+D+i da electromobilidade.

Porén, novas mais recentes, informan da paralización deste proxecto por falta de investimento privado.

Por este motivo, o **Grupo Parlamentar do BNG** realiza as seguintes preguntas:

1.ª) Que coñecemento ten Consellaría de Economía e Industria da situación actual do proxecto de vehículos eléctricos de Xero en Galiza?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- 2.<sup>a</sup>) Que fondos aportou a Xunta de Galiza a este proxecto?
- 3.<sup>a</sup>) Que fondos comprometeu ao proxecto?
- 4.<sup>a</sup>) Considera, a Consellaría de Economía e Industria, que o proxecto sigue sendo viábel?
- 5.<sup>a</sup>) De ser así, cales son os prazos actuais para a súa implantación?

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2011.

Asdo.: Fernando Branco Parga

María Tereixa Paz Franco

Alfredo Suárez Canal

Deputados e deputada do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Fernando Branco Parga na data 14/11/2011 10:53:52**

**María Tereixa Paz Franco na data 14/11/2011 10:53:56**

**Alfredo Suárez Canal na data 14/11/2011 10:54:03**

## Á Mesa do Parlamento

**Agustín Baamonde Díaz, Natalia Barros Sánchez, Pedro M. Arias Veira, Román Rodríguez González, Teresa Villaverde Pais, Marisol Piñeiro Martínez e Lourdes Yáñez García,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no Artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura.**

Ao longo da actual lexislatura a Xunta de Galicia vén de recoñecer a importancia estratéxica do libro e do sector editorial para o desenvolvemento cultural da nosa sociedade a través de diversas medidas, entre as que destacan a creación, na Consellería de Cultura e Turismo, dunha dirección xeral especificamente dedicada ao libro, xunto ás bibliotecas e aos arquivos.

Nos últimos tempos a industria editorial está a sufrir grandes transformacións derivadas non só da actual crise económica, á que loxicamente non é allea, senón tamén da aparición e a progresiva popularización do libro electrónico e de novos soportes dixitais de lectura, dos cambios acontecidos nos hábitos culturais, da globalización dos mercados ou da crecente dimensión da cultura como ben de consumo.

No caso concreto de Galicia, os datos recollidos anualmente nas publicacións por excelencia do sector en España indican que a situación da edición galega ten evolucionado considerablemente ao longo dos últimos anos.

A estas alturas do ano dispoñemos xa dos principais datos que permiten diagnosticar a situación da edición en Galicia no pasado ano 2010, declarado por parte do actual goberno galego, en cumprimento do seu programa electoral, como Ano do Libro e da Lectura en Galicia -mediante o Decreto 369/2009 do 23 de xullo- precisamente coa intención de proxectar a presenza do libro, cubrir as distintas canles e fórmulas polas que chega á nosa cidadanía e ampliar a súa visibilidade, tanto na nosa propia Comunidade Autónoma como nos distintos ámbitos e redes culturais nos que se insire fóra dela.

Polo exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura.

- 1.- ¿Cal é a valoración que fai a Xunta de Galicia sobre os principais datos relativos á edición de libros en Galicia no ano 2010?
- 2.- ¿Á vista deses datos, considera a Consellería de Cultura e Turismo que o balance da edición de libros en galego no ano 2010 é positivo?

Santiago de Compostela, 14 de Novembro de 2011

**Asinado dixitalmente por:**

**Agustin Baamonde Díaz na data 14/11/2011 14:02:59**

**Natalia Barros Sánchez na data 14/11/2011 14:03:06**

**Pedro Manuel Arias Veira na data 14/11/2011 14:03:16**

**Román Rodríguez González na data 14/11/2011 14:03:21**

**Maria Teresa Villaverde Pais na data 14/11/2011 14:03:29**

**María Soledad Piñeiro Martínez na data 14/11/2011 14:03:37**



**Lourdes Yáñez García na data 14/11/2011 14:03:44**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza


## Á Mesa do Parlamento

**Fernando Branco Parga e Isabel Sánchez Montenegro**, deputado e deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

En xaneiro de 2007 o Pleno do Concello de Fene aprobaba por unanimidade o Proxecto Construtivo de abastecemento de auga á parroquia de Magalofes; logo das negociacións realizadas coa Administración Galega, esta obra tiña un orzamento de 823.706,11 euros e sería financiada integramente pola Consellaría de Medio Ambiente.

Con posterioridade á aprobación deste proxecto, o Concello tivo dificultades para adquirir a parcela onde estaba previsto instalar o depósito; por este motivo, o 26 de novembro de 2008, noutro Pleno do Concello, aprobouse un novo Proxecto Construtivo, cun investimento total de 1.009.686,97 euros e tamén acordouse solicitar o financiamento do 100% do custe das obras a Augas de Galiza.

Para facilitar esta actuación, o Concello de Fene comprometeuse a cofinanciar tanto as obras de abastecemento de auga a Magalofes, e tamén abastecemento e saneamento de fecais en San Marcos e outros núcleos rurais de Sillobre, con 180.000 euros, distribuídos en catro anualidades de 45.000 euros, ademais de facerse cargo do custe do proxecto e a compra ou cesión dos terreos precisos. Compromiso que comunicou á Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas o 22 de setembro do ano 2010.



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

En resposta a esta comunicación do Concello, a Consellaría solicitoulle unha achega do 20% do investimento total previsto, pois considerou insuficiente os 180.000 euros; porén, podemos comprobar como noutros concellos de Galiza, esta mesma Consellaría financia integramente investimentos semellantes e con partidas económicas moi superiores.


Por este motivo, o **Grupo Parlamentar do BNG** formula as seguintes preguntas:

- 1.<sup>a</sup>) Ten previsto a Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas acometer as obras de abastecemento de auga a Magalofes, abastecemento e saneamento de fecais en San Marcos e outros núcleos rurais de Sillobre, no Concello de Fene (A Coruña)?
- 2.<sup>a</sup>) Porque se lle solicita ao Concello de Fene unha achega do 20%, cando noutros concellos non se require este cofinanciamento?
- 3.<sup>a</sup>) Podería, a Consellaría, acometer esta actuación en diferentes fases para facilitar o seu financiamento?
- 4.<sup>a</sup>) O 20% solicitado ao Concello, a canto estima a Consellaría que ascende?, podería o Concello sufragalo en varias anualidades?

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2011.

Asdo.: Fernando Branco Parga

Isabel Sánchez Montenegro



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Deputado e deputada do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Fernando Branco Parga na data 15/11/2011 11:24:23**

**Isabel Sánchez Montenegro na data 15/11/2011 11:24:41**



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza


## Á Mesa do Parlamento

**Ana Belén Pontón Mondelo**, deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión**, relativa á celebración do Ano da Música.

A Xunta de Galiza declarou o 2011 como Ano da Música. Unha celebración que está discorrendo modestamente, sen que vexamos nesta declaración ningún tipo de impulso real á música galega. É outra mostra máis do fracaso da “política cultural” do actual goberno, que actúa a golpe de improvisación. Lonxe de mellorar o posicionamento da industria musical e creatividade neste ámbito, a ausencia de estratexia e apoios decididos colocan a este sector nunha situación preocupante. A crise está limitando os fondos que se destinan á cultura, mais a mala xestión que realiza a Xunta de Galiza agudiza os problemas para a música galega. A mostra palpábel e elocuente é a importante débeda que acumulan diversos centros de xestión do Goberno galego coas industrias musicais da nosa nación.

A fin de coñecer os fondos que se destinaron ao ano da música e o destino dos mesmos, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

- 1.<sup>a</sup>) Que cantidades destinou a Xunta de Galiza á celebración do Ano da Música?
- 2.<sup>a</sup>) Que actividades específicas programou a Xunta de Galiza no marco do Ano da Música?



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

3.<sup>a</sup>) Cal foi o custe de cada unha destas actividades?


Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2011.

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo

Deputada do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Belén Pontón Mondelo na data 15/11/2011 13:02:52**



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 15/11/2011 13:47  
Nº Rexistro: 73760  
Data envío: 15/11/2011 13:47:10.607

## Á Mesa do Parlamento

**Isabel Sánchez Montenegro, Teresa Táboas Veleiro e Fernando Branco Parga**, deputadas e deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

Segundo diversas informacións, a empresa MANMER S.L. ten importado de Holanda dende 2009 entre 700.000 e 800.000 Toneladas de materiais asfálticos.


Unha parte deses residuos atópanse depositados en diversos lugares de Galiza como Caneliñas, no porto exterior de Ferrol e no Concello de Cabanas, ao carón do río Baa, e lindantes co polígono industrial de Vilar do Colo.

Outra parte importante deses residuos foron xa utilizados en diversas obras na comarca de Ferrolterra. Entre esas obras están, ao parecer, as de pavimentación de pistas forestais nos concellos de Ferrol e Narón, executadas pola Consellería de Medio Rural en 2010.

Un informe realizado no 2010, polo Instituto Nacional de Toxicoloxía, advertía que estes áridos son potencialmente contaminantes.

Polo exposto, formulamos as seguintes preguntas:

1) Coñece a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas a cantidade total de materiais asfálticos que foron importados pola empresa MANMER S.L.?



OFICINA PARLAMENTAR


**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 15/11/2011 13:47  
**Nº Rexistro: 73760**  
Data envío: 15/11/2011 13:47:10.607

- 2) Quen autorizou esas importacións?
  
- 3) Que repercusións, para a saúde das persoas e para o medio ambiente, pode ter a exposición ou o uso deste material asfáltico?
  
- 4) Onde e en que estado se atopan depositados eses residuos asfálticos?
  
- 5) A que controis foron sometidos eses depósitos por parte da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas?
  
- 6) Coñece a Consellería de Medio Ambiente, territorio e infraestruturas cales foron as obras nas que se utilizaron os materiais asfálticos importados pola empresa MANMER S.L.?
  
- 7) En caso afirmativo, cales foron esas obras?
  
- 8) En caso negativo, ten feito ou pensa facer algunha investigación ao respecto?
  
- 9) Sabe a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas si se cumpriron os condicionantes establecidos pola Secretaria Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental para o almacenamento e utilización do material nos depósitos e nas obras realizadas e, en especial, nas executadas pola Consellería de Medio Rural?
  
- 10) Que actuacións ten previsto levar a cabo o Goberno galego para asegurar o cumprimento deses condicionantes e para evitar as repercusións na saúde e no medio



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 15/11/2011 13:47**  
**Nº Rexistro: 73760**  
Data envío: 15/11/2011 13:47:10.607

ambiente que pode causar tanto a exposición a eses residuos asfálticos como o seu uso?

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2011.

Asdo.: Isabel Sánchez Montenegro

Teresa Táboas Veleiro

Fernando Branco Parga

Deputadas e deputado do G.P. do BNG.


**Asinado dixitalmente por:**

**Isabel Sánchez Montenegro na data 15/11/2011 13:29:15**

**Teresa Táboas Veleiro na data 15/11/2011 13:29:26**

**Fernando Branco Parga na data 15/11/2011 13:29:34**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Tereixa Paz Franco e Alfredo Suárez Canal**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª**, relativa ás actuacións de vulneración da Lei de Réxime Local no concello de Viana do Bolo.


No concello de Viana do Bolo véñense producindo nos últimos meses actuacións que ademais de constituír un posíbel incumprimento de lexislación en materia de réxime local, constitúen unha vulneración dos dereitos de participación política da oposición tratándose de actuacións claramente antidemocráticas.

Así, o pasado 25 de Agosto estando convocado un pleno ordinario, cumprindo con todas as formalidades e requisitos legais, non compareceron nin o alcalde nin ningún dos integrantes do Grupo Municipal do Partido Popular e si o fan os catro integrantes dos grupos de oposición e o Secretario Municipal. Malia a existencia do quorum legalmente establecido, non se puido celebrar este Pleno.

Mais por si iso non abondase, dous días mais tarde, sen mediar convocatoria formal nin aviso informal de ningún tipo, se celebrou o dito Pleno ordinario coa única presenza do Grupo de Goberno.

Posteriormente denegóuselle unha copia da acta de dito Pleno ao Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego.

Estase, ademais producindo a denegación da copia dos asuntos incluídos na orde do día contravindo claramente o disposto legalmente.



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Desde logo, a xuízo do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego trátase de actuacións profundamente antidemocráticas sobre as que é imprescindible realizar actuacións contundentes para cortalas de raíz.

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada e do deputado asinantes formula a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

1ª) tiña o seu departamento coñecemento dos feitos ocorridos no concello de Viana do Bolo?

2ª) Como valora vostede a actuación do Sr. Alcalde de Viana do Bolo en relación con estas cuestións?

3ª) Que xestións ten previsto realizar para garantir o exercicio do dereito de participación política da oposición?

4ª) Realizou vostede algunha actuación tendente a restituír a legalidade nas actuacións do alcalde de Viana do Bolo?


5ª) Vaise garantir o acceso á documentación precisa para a realización das súas funcións?

Santiago de Compostela, 15 de Novembro de 2011

Asdo. **Tereixa Paz Franco**

**Alfredo Suárez Canal**

Deputada e Deputado do G.P. do BNG




OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**María Tereixa Paz Franco na data 15/11/2011 19:09:41**

**Alfredo Suárez Canal na data 15/11/2011 19:09:45**



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Tereixa Paz Franco e Alfredo Suárez Canal**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)** solicitan a seguinte corrección de erros na **Pregunta con resposta oral en Comisión** con número de rexistro **73773**.

No primeiro parágrafo, onde di “ **Comisión 7<sup>a</sup>**” debe dicir “**Comisión 1<sup>a</sup>**”

Santiago de Compostela, 17 de Novembro de 2011

Asdo. **Tereixa Paz Franco**


**Alfredo Suárez Canal**

Deputada e Deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Tereixa Paz Franco na data 17/11/2011 10:18:25**

**Alfredo Suárez Canal na data 17/11/2011 10:18:41**



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Tereixa Paz Franco, Henrique Viéitez Alonso e Alfredo Suárez Canal,** deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.**

A Consellaría de Traballo e Benestar concedeulle ao concello de Viana do Bolo unha subvención para a realización de dous cursos durante o ano 2011 para a formación de persoas desempregadas. Un dos cursos, o de atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais tiña previsto iniciarse o día 27 de Xullo e mesmo xa se tiñan seleccionado as persoas participantes.


A día de hoxe nada se sabe acerca da realización deste curso, nin do outro de animador xeontolóxico.

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada e dos deputados asinantes, formula esta Pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

**1ª)** Ten vostede coñecemento da situación na que se atopa a realización de ditos cursos?

**2ª)** Teñen recibido algunha información do concello de Viana do bolo en relación coas causas polas que aínda non se comezaron?

**3ª)** Segundo a normativa, cando deberan estar iniciados e finalizados estes cursos?



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

4ª) Ten previsto realizar algunha actuación para garantir a súa impartición?

5ª) De ser así, cal e cando?

Santiago de Compostela, 15 de Novembro de 2011

Asdo. **Tereixa Paz Franco**

**Henrique Viéitez Alonso**

**Tereixa Paz Franco**


Deputada e Deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Tereixa Paz Franco na data 15/11/2011 19:09:59**

**Henrique Vieitez Alonso na data 15/11/2011 19:10:06**

**Alfredo Suárez Canal na data 15/11/2011 19:10:09**



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Tereixa Paz Franco**, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª**, relativa aos medios cos que conta a Oficina Agraria Comarcal de Ordes para realizar as súas funcións.


Segundo informacións que ten recibido este Grupo Parlamentar a falta de persoal técnico na Organización Agraria comarcal de Ordes está provocando a imposibilidade de realizar as funcións de inspección que teñen encomendadas en relación coa xestión das ordes de axuda.

Concretamente, esta carencia podería afectar a beneficiarios/as de axudas para Planos de Mellora, que logo de realizar o investimento comprometido na explotación, poderían verse privados de percibir a subvención por non poderse realizar polos servizos técnicos a verificación de cumprimento das condicións establecidas para a súa percepción.

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada asinante, formula a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

**1ª)** Cal é a situación de dotación de persoal técnico da Oficina Agraria Comarcal de Ordes?

**2ª)** É coñecedor vostede de que a insuficiencia de persoal está motivando dificultades no cumprimento das súas funcións?



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

3ª) É vostede de coñecedor de que esta situación poida comprometer a percepción de axudas por parte das explotacións?

4ª) Ten coñecemento de que esta situación esté afectando a beneficiarios de plans de mellora?

5ª) De ser así, ten previsto realizar algunha actuación para paliar esta situación?

Santiago de Compostela, 15 de Novembro de 2011


**Asdo. Tereixa Paz Franco**

Deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Tereixa Paz Franco na data 15/11/2011 19:10:49**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Tereixa Paz Franco**, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, solicita a seguinte **corrección de erros** na **Pregunta con resposta oral en Comisión** con número de rexistro **73775**.

No primeiro parágrafo onde di “**Comisión 1<sup>a</sup>**” debe dicir “**Comisión 7<sup>a</sup>**”.


Santiago de Compostela, 17 de Novembro de 2011

Asdo. **Tereixa Paz Franco**

Deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Tereixa Paz Franco na data 17/11/2011 10:23:28**



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Tereixa Paz Franco, Ana Belén Pontón Mondelo e Alfredo Suárez Canal**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ás xestións para garantir que en Viana do Bolo durante as desconexións territoriais de radio pública galega se reciba o sinal de Ourense.

Na actualidade durante as desconexións territoriais que se producen ao longo do día na Radio Pública galega e os habitantes do concello de Viana do Bolo non reciben o sinal de Ourense.

Esta situación, tendo en conta que durante as desconexións territoriais se emite información relativa a cuestión que ocorren ou afectan ás diferentes comarcas ourensáns, provoca que os veciños e veciñas de Viana do Bolo fiquen excluídos na recepción de información do seu entorno, vulnerando deste xeito un principio básico de dereito de acceso á información.

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, formula a través das deputadas e deputados asinantes, a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

**1ª)** É consciente da situación que se está a producir en relación coa cobertura das desconexións territoriais da Radio Galega en Viana do Bolo?

**2ª)** Cales son as razóns polas que se produce esta situación?



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

3ª) Existen razóns de orde técnica que impidan esta cobertura durante as desconexións locais?

4ª) Ten previsto realizar algunha actuación coa finalidade de garantir a cobertura durante as desconexións territoriais do sinal de Ourense a Viana do Bolo?

5ª) Cal é, no seu caso, o horizonte temporal no que se pode subsanar esta situación?

Santiago de Compostela, 15 de Novembro de 2011

**Asdo.Tereixa Paz Franco**

**Ana Belén Pontón Mondelo**

**Alfredo Suárez Canal**

Deputadas e Deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Tereixa Paz Franco na data 15/11/2011 19:34:28**

**Ana Belén Pontón Mondelo na data 15/11/2011 19:34:34**

**Alfredo Suárez Canal na data 15/11/2011 19:34:37**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**Marisol Soneira Tajés, María José Caride Estévez, José Manuel Gallego Lomba e Francisco Cerviño González**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista** ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

A Asociación Galega de Mariscadoras (Agamar) vén de denunciar ao presidente da Federación Galega de Confrarías por suposto cobro indebido de retribucións polo exercicio do seu cargo. Segundo manifesta a organización denunciante, ao longo dos últimos tres anos as retribucións ascenderon a un total de 78.000 euros ás que habería que engadir unha cantidade próxima aos 90.000 euros en concepto de indemnizacións por dietas e outros gastos; a isto habería que sumarlle, sempre segundo a denuncia, o uso dun vehículo propiedade da Xunta de Galicia que esta pon ao servizo da Federación Galega de Confrarías.

Nesta denuncia hai dous feitos que, a xuízo dos deputados e das deputadas que asinan, son relevantes. O primeiro é o suposto incumprimento da lei co amparo da propia Administración de pesca; o segundo é a asociación que fai o denunciante entre esta percepción e o comportamento político do Presidente da Federación Galega de Confrarías na súa defensa e representación dos intereses colectivos do sector pesqueiro e marisqueiro. Ambos os dous dunha extrema gravidade de confirmarse.

E por iso que, as deputadas e os deputados que asinan preguntan á Xunta de Galicia:

1.<sup>a</sup>) Dende a legalidade vixente, considera a Consellaría do Mar que o presidente da Federación Galega de Confrarías pode percibir algún tipo de retribución polo exercicio do cargo, que non sexan indemnizacións e dietas?

2.<sup>a</sup>) É certo que o presidente da Federación Galega de Confrarías dispón dun vehículo da Xunta de Galicia para o seu uso persoal?



Grupo Parlamentario

3.<sup>a</sup>) Se é así, cales son os motivos?

4.<sup>a</sup>) Hai máis vehículos da Xunta de Galicia ao servizo doutras entidades representativas do sector pesqueiro e marisqueiro?

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

5.<sup>a</sup>) Se é así, ¿cales son as razóns, quen sufraga o seu mantemento, quen asume os custos de seguros obrigatorios, canto supón este gasto para as arcas da comunidade autónoma e con cargo a que partida orzamentaria?

Pazo do Parlamento, 16 de novembro de 2011

Asdo: Marisol Soneira Tajés  
María José Caride Estévez  
José Manuel Gallego Lomba  
Francisco Cerviño González  
Deputadas e deputados do G.P. Socialista

**Asinado dixitalmente por:**

**María Soledad Soneira Tajés na data 16/11/2011 11:54:34**

**María José Caride Estévez na data 16/11/2011 11:54:38**

**José Manuel Gallego Lomba na data 16/11/2011 11:54:52**

**Francisco Xulio Cerviño González na data 16/11/2011 11:55:09**

## Á Mesa do Parlamento

**María Seoane Romero, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Lorena López Rodríguez, Yolanda Díaz Lugilde, Agustín Baamonde Díaz, Lourdes Yáñez García e Fátima Iglesias Ferreira, deputadas e deputado do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no Artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión.****

O Director Xeral da CRTVG ten exposto no Parlamento o cambio que se está a dar no consumo de contidos audiovisuais, onde a pantalla de televisión xa non ten o monopolio senón que agora hai outras alternativas nos aparellos móbiles e nos ordenadores. Ao respecto, o pasado mes de xullo a CRTVG deu a coñecer a creación dunha nova páxina web na que se adaptaba a esta situación tecnolóxica e se introducían novos contidos.

Transcorrido xa un tempo prudencial desde a implantación deste servizo, os deputados asinantes, formulamos a seguinte pregunta.

¿Como está a evolucionar o servizo de novas canles que ofrece a CRTVG desde a posta en marcha do actual proxecto de páxina web?

Santiago de Compostela, 16 de Novembro de 2011

**Asinado dixitalmente por:**

**María Seoane Romero na data 16/11/2011 12:25:42**

**Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 16/11/2011 12:25:53**

**Lorena López Rodríguez na data 16/11/2011 12:26:01**

**Yolanda Díaz Lugilde na data 16/11/2011 12:26:10**



grupo  
parlamentario  
de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 16/11/2011 12:27  
Nº Rexistro: 73796  
Data envío: 16/11/2011 12:27:15.060

**Agustin Baamonde Díaz na data 16/11/2011 12:26:16**

**Lourdes Yáñez García na data 16/11/2011 12:26:25**

**María de Fátima Iglesias Ferreira na data 16/11/2011 12:26:34**

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR  
DE GALICIA  
Rúa do Hórreo, 63  
15702 Santiago de Compostela  
T. 981 551 519  
F. 981 551 422  
[gp.parlamentariodegalicia.es](mailto:gp.parlamentariodegalicia.es)  
[www.parlodela.gal.es](http://www.parlodela.gal.es)



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**María do Carme Adán Villamarín e Henrique Viéitez Alonso**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.


A educación é un dos piares básicos que garante a igualdade de oportunidades na sociedade actual. Investir nun bo sistema educativo é a garantía do necesario desenvolvemento económico e social da sociedade. Todas as etapas educativas son de vital importancia no desenvolvemento dos nenos e as nenas, mais podemos afirmar que os primeiros anos da escolarización dun alumno ou alumna marcan as pautas educativas que determinaran o futuro acceso pleno ao coñecemento e a formación.

Asemade a boa dotación de servizos educativos no ámbito máis rural contribúe de xeito claro ao reequilibrio territorial. Diferentes estudos avalan a tese de que investir en bos servizos educativos próximos ao domicilio é unha das medidas necesarias para a reactivación demográfica dun país.

